

III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE ARBO

2024-2029





PROMOVE:
CONCELLO DE ARBO



SUBVENCIONA: DEPUTACIÓN
DE PONTEVEDRA



COORDINA:
TALENTEA RRHH





ÍNDICE DE CONTIDO

ÍNDICE DE CONTIDO	2
INTRODUCCIÓN	4
PRINCIPIOS REITORES DO PLAN	8
MARCO NORMATIVO.....	10
METODOLOXÍA	17
CARACTERIZACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA DA POBOACIÓN	19
DATOS DEMOGRÁFICOS.....	19
EDUCACIÓN	26
EMPREGO.....	26
POBREZA E RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL.....	33
VIOLENCIA DE XÉNERO	36
DIAGNOSE PARTICIPATIVA	41
CONCLUSIÓNS DA AVALIACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE	46
ESTRUTURA DO PLAN	50
ÁREAS DE ACCIÓN E MEDIDAS	53
ÁREA I: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA PRÁCTICA INSTITUCIONAL	55
ÁREA II: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO EN IGUALDADE, PROMOVEDO A CONCILIACIÓN E A CORRESPONSABILIDADE.	59
ÁREA III: EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN IGUALITARIA.....	63
ÁREA IV: EDUCACIÓN EN IGUALDADE	67
ÁREA V: CALIDADE DE VIDA E SAÚDE INTEGRAL.....	71
ÁREA VI: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO.....	75
SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	79
ANEXOS	83
FICHA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	83
FICHA RESUMO DAS MEDIDAS DO PLAN	85



INTRODUCCIÓN



INTRODUCCIÓN

A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal recoñecido en diversos textos internacionais sobre dereitos humanos, como a *Declaración Universal dos Dereitos Humanos* ou a *Convención para a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra a Muller* (CEDAW). A nivel xurídico e normativo, este principio tamén está recollido na lexislación europea, estatal e autonómica, que establece un tratamento igualitario para mulleres e homes. Porén, a pesar deste recoñecemento legal, a aplicación efectiva do principio de igualdade e o desenvolvemento real dos dereitos non sempre se traduce nunha igualdade plena e efectiva na vida diaria. Esta desigualdade estrutural persiste, especialmente en ámbitos como o acceso ao emprego, a conciliación, a participación política, ou a erradicación da violencia de xénero.

Neste contexto, as administracións públicas xogan un papel fundamental como axentes de cambio. É a través do seu compromiso activo e da implementación de políticas públicas que se pode avanzar cara á eliminación das desigualdades persistentes entre mulleres e homes. Neste sentido, o Concello de Arbo conta cunha longa tradición na promoción da igualdade e na loita contra a discriminación de xénero. Este compromiso reflíctese no *III Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes (2024-2029)*, un instrumento estratéxico de acción política que dá continuidade aos dous plans anteriores e que incorpora novas accións para responder aos desafíos actuais. Este plan ten como obxectivo último fomentar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, promovendo unha transformación social no municipio.

O *III Plan de Igualdade* integra intervencións que xa se viñan desenvolvendo con éxito en anos anteriores e introduce novas medidas que responden ás necesidades identificadas na diagnose participativa. Este enfoque busca consolidar avances e, ao mesmo tempo, abordar retos emerxentes coa colaboración activa de entidades locais, persoal técnico, o centro educativo e a propia veciñanza de Arbo.

O *III Plan de Igualdade do Concello de Arbo* constitúe un compromiso renovado coa promoción da igualdade de xénero, reforzando as políticas xa implementadas e desenvolvendo novas accións para afrontar os retos actuais. Este documento busca ser unha ferramenta útil e efectiva para transformar a sociedade local, garantindo que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de desenvolvemento e participación en todos os ámbitos. A súa posta en marcha dependerá do compromiso institucional e da implicación



activa da cidadanía, co obxectivo de avanzar cara a unha sociedade máis igualitaria e xusta.

O *III Plan de Igualdade* estrutúrase en seis áreas estratéxicas de intervención, que responden aos principais ámbitos onde persisten desigualdades de xénero:

1. **Transversalidade de xénero na práctica institucional:** Inclúe accións para integrar a perspectiva de xénero en todas as políticas públicas e actuacións municipais, garantindo que a igualdade sexa unha prioridade transversal en todos os ámbitos da administración.
2. **Desenvolvemento económico en igualdade, promovendo a conciliación e a corresponsabilidade:** Busca fomentar o emprego digno para as mulleres, reducir a fenda salarial de xénero e promover medidas efectivas para a conciliación laboral, persoal e familiar, coa implicación activa de homes e mulleres.
3. **Empoderamento e participación igualitaria:** Inclúe iniciativas para aumentar a representación e a participación activa das mulleres en espazos de decisión política, social e económica, promovendo liderados femininos.
4. **Educación en igualdade:** Pretende fomentar valores de igualdade desde idades temperás, promovendo programas educativos que desmonten estereotipos de xénero e traballen a corresponsabilidade, o respecto e a convivencia.
5. **Calidade de vida e saúde integral:** Enfocado en atender necesidades específicas das mulleres en materia de saúde física e emocional, con especial atención ás situacións de vulnerabilidade.
6. **Abordaxe integral da violencia de xénero:** Desenvolve medidas de prevención, sensibilización e atención integral ás vítimas, abordando tanto a violencia física e psicolóxica como as novas formas de violencia, como a dixital.

O plan define propostas tanto de análise como de acción, cunha visión a longo prazo orientada a acadar a igualdade efectiva entre mulleres e homes e eliminar calquera forma de discriminación por razón de sexo. A súa elaboración seguiu unha metodoloxía participativa, integrando achegas do persoal técnico municipal, das entidades locais, do centro educativo e da poboación de Arbo. Este enfoque garante que o plan reflecta as realidades e necesidades específicas do municipio.



O *III Plan de Igualdade* preséntase estruturado nos seguintes apartados, que aseguran unha análise rigorosa e unha planificación detallada das medidas a implementar:

- **Introdución:** Breve contextualización sobre a importancia do principio de igualdade e o compromiso do Concello de Arbo.
- **Principios inspiradores do plan:** Base ética e normativa que sustenta as accións propostas.
- **Contexto normativo e pragmático:** Análise do marco legal a nivel europeo, estatal, autonómico e local.
- **Proceso de elaboración do plan:** Metodoloxía seguida, destacando a participación activa de diversos axentes.
- **Caracterización sociodemográfica:** Información sobre a poboación de Arbo para orientar as medidas ás súas realidades e necesidades.
- **Resultados da diagnose participativa:** Principais conclusións obtidas a través das enquisas realizadas á poboación e ao persoal técnico.
- **Principais conclusións do II Plan de Igualdade:** Avaliación dos logros e retos pendentes do plan anterior.
- **Estrutura do plan:** Presentación das seis áreas estratéxicas e os obxectivos de cada unha.
- **Programa de medidas:** Propostas concretas e diferenciadas nas seis áreas de acción.
- **Seguimento e avaliación:** Indicadores e metodoloxía para medir o impacto e garantir o cumprimento dos obxectivos.
- **Anexos:** Fichas para o seguimento e avaliación, documentación complementaria, etc.



PRINCIPIOS REITORES DO PLAN



PRINCIPIOS REITORES DO PLAN

O III Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Arbo, 2024-2029 deseñouse a partir duns principios que inspiraron a súa elaboración e que marcarán as pautas da súa execución durante o seu período de vixencia.

Transversalidade de xénero:

A igualdade debe impregnar todas as políticas públicas e todos os procedementos de actuación impulsados desde a administración municipal en cada unha das súas áreas. Para conseguilo, requírense cambios no modelo de xestión e a integración do enfoque de xénero desde o deseño de políticas públicas ata a súa execución e avaliación.

Interseccionalidade

A interseccionalidade significa ter en conta a diversidade e pluralidade das persoas de todo o municipio e, en especial, das mulleres. Este principio é fundamental para analizar as necesidades e para mellorar a planificación das accións que se van a desenvolver.

Sensibilización e participación da poboación

Os plans buscan promover o compromiso da poboación coa igualdade de oportunidades e implicar as mulleres e homes nese esforzo compartido. Este plan quere contar coa poboación, tanto na detección de necesidades, como na elaboración de medidas e por suposto, na implicación e participación nas accións propostas.

Cooperación e coordinación institucional

Para a consecución deste plan e de todas as actuacións que se formulan, é precisa a coordinación e colaboración entre e interinstitucional. A troca de información, coñecementos ou procedementos de traballo promoverá un mellor desenvolvemento das accións municipais e a integración da perspectiva de xénero.



MARCO NORMATIVO



MARCO NORMATIVO

A igualdade de xénero e a loita contra a violencia de xénero están recoñecidas e reguladas por un amplo marco normativo a nivel internacional, europeo, estatal e autonómico. Estes instrumentos son fundamentais para orientar as accións das administracións públicas, incluídos os concellos, cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria.

ÁMBITO INTERNACIONAL

Os organismos internacionais, como a Organización das Nacións Unidas (ONU) e o Consello de Europa, desempeñaron un papel fundamental na promoción da igualdade de xénero e na loita contra a violencia machista. Algúns dos principais marcos normativos e acordos internacionais son:

- **Carta das Nacións Unidas (1945):** Este tratado fundacional das Nacións Unidas recoñece no seu preámbulo e no artigo 1 a igualdade de dereitos entre homes e mulleres como un dos seus principios fundamentais.
- **Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948):** Proclama a igualdade de todos os seres humanos en dignidade e dereitos, sen discriminación por razón de sexo (artigos 1 e 2).
- **Convención para a Eliminación de Todas as Formas de Discriminación contra a Muller (CEDAW, 1979):** É o marco xurídico máis importante en materia de igualdade de xénero. Esta convención da ONU obriga aos Estados parte a eliminar todas as formas de discriminación contra as mulleres, promovendo a igualdade en todos os ámbitos: laboral, educativo, político e social. España ratificouna en 1983 e comprometeuse a implementar políticas activas para garantir os seus principios.
- **Declaración e Plataforma de Acción de Beijing (1995):** Adoptada na Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller, establece doce áreas críticas para acadar a igualdade de xénero, como a erradicación da pobreza feminina, a igualdade no acceso á educación e a saúde, e a loita contra a violencia de xénero. España é signataria desta declaración, e os seus principios son unha guía clave para as políticas públicas.
- **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 (2015):**
 - **ODS 5** está dedicado á "Igualdade de Xénero", e inclúe metas específicas como eliminar todas as formas de violencia contra as mulleres, recoñecer o traballo de coidados non remunerado, e asegurar a participación plena das mulleres en todos os niveis de decisión.



- enfoque transversal de xénero tamén está presente noutros obxectivos, como a redución da pobreza (ODS 1), a educación de calidade (ODS 4) e o traballo decente (ODS 8).
- **Convenio de Istambul (2011):** Este tratado do Consello de Europa é o primeiro instrumento vinculante dedicado exclusivamente á prevención da violencia contra as mulleres, á protección das vítimas e ao castigo dos agresores. España ratificouno en 2014, comprometéndose a incorporar os seus estándares nas políticas estatais e locais.
- **Resolución 1325 do Consello de Seguridade da ONU (2000):** Sobre "Mulleres, Paz e Seguridade", reconece o impacto desproporcionado dos conflitos armados nas mulleres e chama á súa maior participación nos procesos de paz.

ÁMBITO EUROPEO

A Unión Europea complementa o marco internacional con medidas vinculantes para os seus estados membros. Os seus principais avances en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero inclúen:

- **Tratado de Roma (1957):** O principio de igualdade de remuneración por traballo igual foi unha das primeiras disposicións sobre igualdade na UE.
- **Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea (2000):** Proclama a igualdade entre mulleres e homes como un dereito fundamental (artigo 23).
- **Directivas sobre Igualdade:**
 - Directiva 2006/54/CE sobre igualdade de trato en materia laboral.
 - Directiva 2012/29/UE sobre os dereitos das vítimas de delitos, con especial atención ás vítimas de violencia de xénero.
- **Estratexias de Igualdade:**
 - A *Estratexia para a Igualdade de Xénero 2020-2025* fixa como obxectivos clave eliminar a violencia de xénero, reducir a fenda salarial e promover a igualdade en todos os sectores.

ÁMBITO ESTATAL

En España, a lexislación reconece e promove a igualdade de xénero como un principio constitucional e desenvolve medidas específicas para a súa aplicación:



→ **Constitución Española (1978):**

- Artigo 14: Proclama a igualdade de todos os cidadáns ante a lei, sen discriminación por razón de sexo.
- Artigo 9.2: Obriga aos poderes públicos a promover as condicións para que a igualdade entre mulleres e homes sexa real e efectiva.

→ **Lei Orgánica 1/2004:** Marco integral para a prevención e protección contra a violencia de xénero.

→ **Lei Orgánica 3/2007:** Introduciu a transversalidade de xénero en todas as políticas públicas.

→ **Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (2017):** Establece medidas consensuadas para previr e combater a violencia machista. As 290 medidas que se integran inciden nos ámbitos da sensibilización e da prevención; na mellora da respoista institucional, no perfeccionamento da asistencia, na axuda e protección das vítimas, na asistencia e protección dos e das menores, no impulso á formación de distintos axente, no seguimento estatístico e na visualización e atención doutras formas de violencia contra as mulleres. Ademais, inclúe as recomendacións ás administracións públicas e a outras institucións, así como o compromiso económico co seguimento do pacto.

→ **Real decreto-lei, 9/2018 do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero**, que modificou a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o Código Civil. Modificou artigos relativos á asistencia xurídica, á acreditación de situacións de violencia de xénero ea compatibilidade das axudas sociais. Tamén inclúe entre os seus artigos a dotación a Administración local de competencias en “actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres aí como contra a violencia de xénero”.

→ **Real decreto-lei 12/2020, do 31 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero** publicouse en 2020 e aprobouse a Lei 1/2021, do 24 de marzo, do mesmo título. Esta lei melloraba os aspectos regulados no real-decreto, coa que se preetende garantir o amparo a todas as vítimas de violencia de xénero durante a crise producida pola covid-19.



- **Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte a violencia**, que introduce importantes cambios legais relacionados coas situacións de violencia de xénero como: o recoñecemento da violencia vicaria como forma de violencia de xénero, a suspensión do réxime de visitas en casos de violencia de xénero e o impedimento da toma en consideración da falsa síndrome de alienación parental.
- **Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación**, que reforza a protección dos distintos colectivos, acentuando a importancia da “non discriminación” por razón de nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, expresión de xénero, enfermidade etc.
- A aprobación da **Lei orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual**, supuxo tamén un fito importante, eliminando o concepto de “abuso sexual” de forma que calquera acto contra a liberdade sexual dunha persoa realizado sen o seu consentimento constituiría un delito de agresión sexual.
- Aprobouse a **Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI**, o que supón un gran avance na promoción e defensa dos dereitos das persoas LGTBI.
- Apróbase a **Lei orgánica 1/2023, do 28 de febreiro**, pola que se modifica a **Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo**.
- O **Plan Estratéxico para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes PEIEMH (2022-2025)** é o plan director da Administración xeral do Estado en materia de igualdade e está integrado por catro eixes de intervención relacionadas co bo goberno, a economía para a vida e a repartición xusta de riqueza, a garantía de vidas libres de violencia machista contra as mulleres e a consecución dun país con dereitos efectivos para todas as mulleres.

ÁMBITO AUTONÓMICO

A nivel autonómico, Galicia desenvolveu normativas pioneiras en igualdade e loita contra a violencia de xénero:



- **Lei 7/2004, para a Igualdade de Mulleres e Homes de Galicia:** Marca directrices para implementar políticas igualitarias en todos os niveis da administración pública galega.
- **Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:** Recoñece e aborda as distintas formas de violencia que sofren as mulleres, garantindo protección integral ás vítimas. Esta lei sufriu algunhas modificacións a ter en conta:
 - **Lei 12/2016, do 22 de xullo.** Supón a modificación da letra f) do artigo 3 que pasa de denominarse “tráfico de mulleres e nenas con fins de explotación” a “trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual”.
 - **Lei 14/2021, do 20 de xullo.** Introduce a letra g cunha nova tipificación da violencia de xénero: a violencia vicaria.
 - **Lei 15/2021, do 3 de decembro:** engade a letra h) o que supón unha nova tipificación de violencia de xénero: a violencia de xénero dixital ou violencia en liña contra a muller.
- **Lei para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia,** aprobouse polo Parlamento de Galicia o 21 de novembro de 2023, trátase dun instrumento legal que reforza a compromiso da Comunidade Autónoma de Galicia na eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción da igualdade de xénero, coherente coa normativa estatal de carácter básico así como con outra normas de ámbito económico.
- Cabe destacar tamén o **VIII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027**, integrado por oito ámbitos de intervención e máis un ámbito instrumental (transversalización da perspectiva de xénero na actividade da Xunta de Galicia).
- **Plan Galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024,** dirixido a proporcionar un ámbito de actuación que recolla de forma coordinada e global as liñas de intervención e directrices que deben orientar a actividade da Administración autonómica, para dar resposta ás situacións de trata.
- **II Plan Galego de Benestar laboral, conciliación e corresponsabilidade 2022-2025** pon o foco no fortalecemento dos recursos de apoio ás familias, na dignificación dos traballos de coidado desde o convencemento de que a



conciliación corresponsable mellora a calidade de vida de toda a cidadanía ao tempo que implica grandes beneficios para as empresas.

ÁMBITO LOCAL

O Concello de Arbo, no marco destas normativas internacionais, europeas, estatais e autonómicas, comprométese a aplicar os principios de igualdade e de loita contra a violencia de xénero a través deste **III Plan de Igualdade 2024-2029**. Este plan adáptase ás directrices normativas e responde ás necesidades e realidades específicas da localidade, co obxectivo de avanzar cara á plena igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.



METODOLOXÍA

METODOLOXÍA

Neste capítulo descríbese o proceso metodolóxico adoptado para a elaboración do II Plan de Igualdade, estruturado nas seguintes fases:

FASE DIAGNÓSTICA: ANÁLISE CUANTITATIVA E CUALITATIVA DA SITUACIÓN

Todo proceso de planificación precisa dun diagnóstico previo da situación, que amose o coñecemento sobre a realidade na que se pretende incidir. Para a realización desta diagnose aplícase unha metodoloxía combinada, con métodos de recollida de información cuantitativos e cualitativos.

Concretamente, leváronse a cabo:

- Análise dos principais resultados da avaliación do II plan de igualdade, coa finalidade de identificar as accións que poderían ter unha continuidade no actual plan, outras de nova inclusión ou outras que poderían ser modificadas, reforzadas ou eliminadas.
- Elaboración dunha análise dos principais datos sociodemográficos do municipio dispoñibles en fontes de acceso público como o IGE, SEPE etc. e outros datos relevantes.
- Consulta, en clave diagnóstica, ao persoal técnico do concello, centro educativo, principais asociacións e entidades, etc.
- Recollida de información a través dunha enquisa dirixida á poboación xeral e publicada a través das redes sociais e reenviada ás familias do centro educativo.

FASE DE REDACCIÓN

A partir dos resultados da avaliación do plan anterior, da análise das fontes secundarias e dos datos estatísticos e das propostas transmitidos polos departamentos do concello e da poboación xeral, establecéronse as prioridades e a estrutura matriz do presente plan, na que se inclúen as áreas de acción cos seus respectivos obxectivos estratéxicos e os obxectivos operativos.

FASE DE CONSENSO E APROBACIÓN

Elaborouse a versión definitiva do III Plan de Igualdade do Concello de Arbo para a súa presentación ao Goberno Municipal e a súa aprobación polos grupos políticos da Corporación.



CARACTERÍSTICAS SOCIODEMOGRÁFICAS DA POBOACIÓN

CARACTERIZACIÓN SOCIODEMOGRÁFICA DA POBOACIÓN


Co obxectivo de contextualizar desde un punto de vista poboacional este V Plan de Igualdade e de prevención da violencia de xénero, a continuación, preséntase unha análise das principais características sociodemográficas da poboación da Arbo, así como outros indicadores socioeconómicos de interese.

DATOS DEMOGRÁFICOS

O concello de Arbo sitúase na provincia da Pontevedra e pertence á comarca de Paradanta. Segundo os datos do padrón municipal do ano 2023, a poboación arbense é de 2.647 persoas, dos que son homes e 1.367 homes e 1280 mulleres. Ten unha extensión de 43,3 km².

Á hora de analizar a poboación dun territorio é importante ter en conta a densidade de poboación, que é a relación entre o número de habitantes que viven nun territorio e a extensión deste. O gráfico que se presenta a continuación amosa este indicador en relación aos territorios de referencia (comarca, provincia e comunidade).

Gráfico 1. Densidade de poboación




A densidade de poboación en Arbo está moi por debaixo da media da provincia de Pontevedra e de Galicia, pero por enriba da media da comarca. A poboación arbense distribúese en seis parroquias; Arbo, Barcela, Cabeiras, Cequeliños, Mourentán e Sela.



O concello de Arbo, como no resto de Galicia, perde habitantes cada ano. Desde o ano 2013 ao ano 2023, o concello perdeu 320 habitantes.

Gráfico 2. Evolución da poboación arbense do 2013-2023



O crecemento natural da poboación de Arbo, atendendo aos datos publicados polo IGE para o ano 2023, foi negativo. No ano 2023, rexistráronse 47 defuncións máis que nacementos, un dos datos máis alto nos últimos 10 anos xunto co ano 2021, onde se rexistraron 48 falecementos máis que nacementos.


Táboa 1. Datos sociodemográficos do Concello de Arbo (2013-2023)

ANO	NACEMENTOS	DEFUNCIÓNS	SALDO VEXETATIVO	MATRIMONIOS
2013	22	42	-20	7
2014	14	59	-45	9
2015	14	51	-37	5
2016	13	47	-34	8
2017	16	45	-29	7
2018	10	44	-34	5
2019	12	36	-24	7
2020	10	47	-37	5
2021	11	59	-48	8
2022	14	49	-35	6
2023	11	58	-47	6

Outros datos que aparecen recollidos na táboa 1 é o número de matrimonios, no ano 2023 foron 6. Neste aspecto vemos unha tendencia relativamente regular, no que non varían demasiado o número de matrimonios nos últimos anos.

Se poñemos atención ao saldo vexetativo, que é a diferenza entre nacementos e defuncións ocorridos nun territorio durante un tempo definido, vemos que Arbo ten un saldo vexetativo negativo. Arbo presenta unha tendencia negativa sostida ao longo da última década, o que reflicte unha preocupante diminución da poboación por causas naturais. Isto pode deberse a un descenso na natalidade, un incremento na mortalidade ou unha combinación de ambos factores.

Gráfico 3. Evolución do saldo vexetativo. Arbo 2013-2023



Táboa 2. Indicadores de fecundidade

Taxa bruta de natalidade		Idade media á maternidade	
Arbo	Galicia	Arbo	Galicia
5,25	5,38	30,85	33,26

A taxa bruta de maternidade é a relación entre o número de nacementos no ano 2022 e a poboación media do ano, neste caso Arbo ten uns datos similares aos da media da comunidade galega. Un dato complementario a este é a idade media á hora de ter descendencia. A media arbense é significativamente inferior á galega, con 30,85 anos fronte á 33,36 da comunidade, as mulleres de Arbo, en promedio, teñen descendencia arredor de 2.4 anos antes que as mulleres doutras partes de Galicia.



Para continuar analizando os principais indicadores sociodemográficos deste concello, compre prestar atención ao relacionado co avellentamento da poboación e a dependencia.

As mulleres de Arbo teñen unha idade media máis alta (55,24 anos) que os homes (51,65 anos) e ambas son superiores ás idades das mulleres e homes en Galicia (49,66 e 46,54 anos, respectivamente).

Na táboa que se presenta a continuación, pódese observar o índice de envellecemento, que é a relación entre o número de persoas maiores de 65 anos cos menores de 20 anos. O índice de envellecemento neste concello é 306, significativamente máis alto que o da media de Galicia (169,27). As mulleres de Arbo teñen un índice de envellecemento moi elevado (357,14) fronte a 198,82 da media de Galicia. Tamén, o índice de sobreenvellecemento, que é a proporción de persoas de idade moi avanzada (máis de 85) respecto do total de persoas maiores de 65 anos é lixeiramente superior en Arbo (21,24) que ao de Galicia (19,61).

Outros datos fundamentais son o índice de dependencia global e o índice de dependencia senil. O primeiro, é a relación entre os grupos de poboación potencialmente dependente (menores de 15 anos e maior de 64) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (15 a 64 anos). En Arbo é 73,01, mentres que en Galicia é 59,96. Isto significa que en Arbo hai unha maior proporción de persoas dependentes (tanto xuvenís como maiores) en relación á poboación en idade de traballar. O índice de dependencia senil é a relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación en idade potencialmente activa, que é moito maior en Arbo (59,26) que en Galicia (42,07), sendo especialmente alto entre as mulleres (72,05) en comparación cos homes (48,89). A continuación, preséntanse estes datos.

Táboa 3. Indicadores de poboación

	TOTALS		MULLERES		HOMES	
	ARBO	GALICIA	ARBO	GALICIA	ARBO	GALICIA
Idade media	53,39	48,16	55,24	49,66	51,65	46,54
% menores de 20 anos	11,19	15,54	11,59	14,54	10,78	16,62
% entre 20 e 64 anos	54,55	58,16	50,73	56,55	58,15	59,89
% 65 anos e máis	34,25	26,30	38,49	28,91	30,27	23,49
Índice de envellecemento	306,00	169,27	357,14	198,82	261,25	141,40




Índice de sobreenvellecemento	21,24	19,61	23,20	22,77	18,90	15,41
Índice de dependencia global	73,01	59,96	87,18	64,90	61,52	54,96
Índice de dependencia xuvenil	13,75	17,89	15,13	17,23	12,63	18,56
Índice de dependencia senil	59,26	42,07	72,05	47,67	48,89	36,41

Os datos explicados neste apartado visualízanse na pirámide de poboación, que é a representación gráfica da estrutura da poboación por sexo e grupos de idade representada nunha gráfica en diagrama de barras.


Segundo o padrón municipal de habitantes, residen un total de 2.549 persoas, distribuídas por sexo do seguinte modo: 51,98 % son homes e o 48,02 % mulleres. A pirámide de poboación do concello de Arbo é de tipo regresiva ou invertida, coa base máis estreita que os chanzos centrais. Este tipo de pirámide é típica dos países desenvolvidos.

Como pode apreciarse na pirámide poboacional, o groso da poboación concéntrase entre os 60 e os 64 en xeral, aínda que se observan diferencias notables en canto a distribución por sexo. As mulleres de Arbo teñen unha gran concentración nas idades máis avanzadas, como os 75-70 anos, claramente máis numerosa que os homes e na franxa de 60 a 64 anos. No caso dos homes, están máis concentrados entre os 40 e os 64 anos, especialmente no grupo de 45 a 49 anos.

Gráfico 4. Pirámide da poboación do Concello de Arbo (2023)

Outro dato que cómpre analizar é o saldo migratorio, que se refire ao balance que existe entre a inmigración e a emigración nun determinado lugar, cando o saldo migratorio é positivo, a poboación aumenta, mentres que cando é negativo diminúe. O saldo migratorio é o número de inmigrantes menos o número de emigrantes.

Entre o ano 2013 e 2017 o saldo total foi negativo cada ano, acadando o punto máis baixo no ano 2015 cun saldo de -46. A partir do ano 2018, o saldo mellora de forma continua chegando a 60 no ano 2020, o que representa un cambio significativo e positivo en comparación cos anos anteriores. En 2021 e 2022, o saldo mantense positivo, con 49 e 53 respectivamente, o que indica unha tendencia sostida de incremento na inmigración ou descenso na emigración. O saldo migratorio das mulleres foi maioritariamente negativo ata o ano 2017, que mellorou notablemente desde 2018, pasando a ser positivo en 2020, 2021 e 2022, que é de 35, o que amosa unha tendencia sostida de atracción ou retención de mulleres en Arbo. Para os homes, o saldo negativo tamén foi negativo ata 2017, aínda que a melloría foi menos pronunciada en comparación coas mulleres. O saldo masculino pasou a positivo en 2020 (25) e mantívose estable en 2021 e 2022 con valores arredor de 18, indicando un lixeiro aumento na inmigración masculina ou unha menor emigración.

Gráfico 5. Saldo migratorio Concello de Arbo (2012-2022)

No concello de Arbo hai un 3,43% de poboación estranxeira. Cabe destacar que no ano 2022, Arbo experimentou un crecemento migratorio positivo (+53), especialmente grazas ao saldo positivo dos homes, tanto no ámbito exterior (+20) como no interior (+31). As mulleres contribuíron neste sentido menos ao crecemento demográfico, cun saldo total moi baixo (+2), que reflicte unha menor chegada ou maior saída do concello en comparación cos homes, especialmente nas migracións interiores.

Táboa 4. % de poboación estranxeira no Concello de Arbo

MULLERES	HOMES	TOTAL	%SOBRE POBOACIÓN
3,46%	3,40%	3,43%	3,43%

Se se atende ás proxeccións de poboación para o ano 2032 realizadas para o conxunto da comarca observamos que se espera unha perda de poboación debido ao saldo vexetativo negativo (máis defuncións (232) que nacementos (28). Tamén se proxecta un aumento moderado da migración, cun saldo migratorio positivo, o que significa que máis persoas se trasladarán á comarca das que se marcharán.



Táboa 5. Variables demográficas proxectadas para o ano 2032 na Comarca.

ANO 2032	TOTAL	MULLERES	HOMES
Nacementos proxectados	28	14	15
Taxa bruta de natalidade	2,2	-	-
Defuncións proxectadas	232	111	121
Taxa bruta mortalidade	18,4	17,00	19,9
Saldo vexetativo	-204	-97	-107
Saldo migratorio	69	35	34

EDUCACIÓN

Segundo os datos recollidos no IGE, no concello de Arbo hai 129 rapazas e rapaces matriculados en ensinanza non universitarias en centros sostidos con fondos públicos. No concello só hai un Centro Educativo de Educación Infantil e Primaria, o CEIP Antonio Carpinteiro.

Táboa 6. Alumnado matriculado en E.infantil, E.Primaria e Secundaria no Concello de Arbo (ano 2024)

	Educación infantil	Educación primaria	Educación secundaria
TOTAL	33	96	0
MULLERES	16	43	0
HOMES	17	53	0


EMPREGO

Neste apartado pasamos á análise dos indicadores estatísticos asociados á esfera do mercado de traballo. En setembro de 2024, 868 persoas estaban afiliadas á seguridade social no concello de Arbo, a maioría homes (509).

Táboa 7. Afiliacións á seguridade social no Concello de Arbo en setembro de 2024

Setembro 2024	Total afiliados/as
<i>Réxime xeral e minería do carbón</i>	593
<i>Réxime especial de autónomos</i>	219
<i>Réxime especial agrario</i>	37
<i>Réxime especial empregados/as do fogar</i>	14
Total	863


Se atendemos aos tipos de contrato rexistrados en setembro de 2024 das persoas que traballan por conta aliea, vemos unha clara predominancia dos contratos eventuais, sendo o 52,59%, seguido dos contratos indefinidos cun 40,74%.

Gráfico 6. Contratos rexistrados no concello de Arbo por tipo de xornada e ano. 2024

Se analizamos os contratos por tipo de xornada incluíndo a variable de sexo, atopamos que o tipo de contrato máis común e a tempo completo tanto para as mulleres como para os homes. No caso dos contratos a tempo parcial, vemos unha maior ía de mulleres, o 75,54%. Esta é unha tendencia xeral que pode estar debida, en parte, polo reparto desigual


das tarefas de coidados, que leva ás mulleres a optar por xornadas máis curtas co obxectivo de conciliar e facerse cargo de persoas dependentes (menores e maiores).

Gráfico 7. Contratos rexistrados no Concello de Arbo por tipo de xornada e sexo. Ano 2024



En canto aos sectores de actividade, os contratos rexistrados no último ano de referencia mostran un importante peso do sector servizos (53%) seguido pola agricultura (26%), industria (17%) e por último, a construción (4%).

Gráfico 8. Contratos rexistrados segundo o sector de actividade económica no Concello de Arbo




Na actividade empresarial arbenses, predominan as empresas dedicadas ao sector servizos, de maneira moi maioritarias (68,30%), especialmente as empresas de comercio ao retallo, é dicir de comercio de mercadorías en cantidades pequenas, que se rexistran 54. En segundo lugar, tamén dentro do sector servizos, destacan as empresas dedicadas á hostalaría, especialmente as de venda de comida e bebida (22). O segundo sector con maior actividade é a industria, 16,95 % especialmente coa fabricación de bebidas. O sector con menor actividade é o da construción, representando o 14,75% das empresas.

Táboa 8. Unidades locais en Arbo segundo actividade principal (divisións CNAE-2009).

2. INDUSTRIA, INCLUÍDA A ENERXÍA	27
b. Industrias extractivas	0
c. Industria manufactureira	27
- Industria de alimentación	2
- Fabricación de bebidas	14
- Confección de roupa de vestir	2
- Industria de madeira e da cortiza, agás mobles, cestaría ...	2
- Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	1
- Fabricación de produtos de caucho e plástico	1
- Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	4
- Fabricación de mobles	1
d. Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	3
e. Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación	1
- Recolla, tratamento e eliminación de residuos; valoración	1
3. CONSTRUCCIÓN	27
- Construción de edificios	6
- Enxeñaría civil	0
- Actividades de construción especializada	21
4. SERVICIOS	125
g. Comercio por xunto e ao retallo, reparación de vehículos de motor e motocicletas	54
- Venta e reparación de vehículos de motor e motocicletas	1
- Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo vehículos	13
- Comercio a retallo, salvo vehículos de motor e motocicletas	40
h. Transporte e almacenamento	12
- Transporte terrestre e por tubaxe	11
- Actividades postais e de correos	1
i. Hostalaría	22
- Servizos de aloxamento	4
- Servizos de comidas e bebidas	18
j. Información e comunicacións	1
- Edición	1
- Actividades cinematográficas, de vídeo, programas de televisión, edición de son etc.	1

k. Actividades financeiras e de seguros	5
- Servizos financeiros, agás seguros e fondos de pensións	1
- Actividades auxiliares aos servizos financeiros e aos seguros	4
l. Actividades inmobiliarias	3
m. Actividades profesionais, científicas e técnicas	8
- Actividades xurídicas e de contabilidade	4
- Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría, ensaios e análises técnicas	1
- Publicidade e estudos de mercado	1
- Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	1
n. Actividades administrativas e servizos auxiliares	2
- Servizos a edificios e actividades de xardinería	1
- Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares ás empresas	1
p. Educación	2
q. Actividades sanitarias e de servizos sociais	8
- Actividades sanitarias	6
- Actividades de servizos sociais sen aloxamento	2
r. Actividades artísticas, recreativas e de entretemento	4
- Actividades de creación, artísticas e espectáculos	1
- Actividades de xogos de azar e apostas	1
- Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	2
s. Outros servizos	4
- Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	1
Outros servizos profesionais	3


Gráfico 9. Paro rexistrado segundo os grupos quincenais de idade por sexo. Marzo 2024



Se se analizan os datos de desemprego, obsérvanse diferencias significativas segundo o sexo, o que dá conta da importancia da posta en marcha de políticas de emprego con perspectiva de xénero.


O desemprego masculino mostra as cifras máis elevadas entre os 55 e 64 anos, mentres que o maior número de mulleres en situación de desemprego situase entre os 50 e os 54 anos e entre os 60 e 62 anos.

Gráfico 10. Paro rexistrado segundo xénero e sector de actividade. Metodoloxía SISPE-IGE (Marzo 2024)



Se se atende á distribución dos datos polo sector de actividade e polo sexo, obsérvase que o desemprego é especialmente destacado no sector servizos, sobre todo para as mulleres, que representan o 70,78%. No sector da construción o paro é totalmente masculino (8) e tamén é superior no sector da industria e da agricultura.

Outro dato que se considera importante de analizar é o número de pensionistas do concello. No ano 2023 (último do que hai datos) rexistráronse 910 persoas pensionistas. Existe unha pequena predominancia masculina (53,74%) fronte á feminina (46,26%).

Táboa 9. Número de pensionistas da Seguridade Social. Arbo (2023).

A continuación, analizamos a media do importe das pensións que recibe este grupo, comparándoo coa media provincial e tendo en conta a variable sexo/xénero.

Táboa 10. Comparativa do importe medio de pensións, por sexo. Arbo-Provincia (2023).

IMPORTE MEDIO	Mulleres	Homes	Total
Arbo	826,77 €	1.172,24 €	1.014,41€
Pontevedra (provincia)	1.035,67 €	1.385,18 €	1.209,30 €

A media de importe recibido pola poboación de Arbo é un 16.10 % máis baixo que a media da provincia. Se analizamos as diferencias no importe da pensión entre mulleres e homes, vemos unha clara diferenza, tanto no ámbito provincial como local. De media, no concello de Arbo, as mulleres perciben 345,47 euros menos que os homes.

Unha cuestión interesante a analizar sobre esta cuestión é o número de persoas perceptoras de pensións non contributivas (NPC). Estas son prestacións económicas da Seguridade Social que se lles recoñecen ás persoas que, atopándose en situación de necesidade protexible, carecen de recursos suficientes para a súa subsistencia, aínda cando nunca cotizaran ou non o fixeran durante o tempo suficiente.

Táboa 11. Número de persoas beneficiarias de pensións non contributivas. Arbo 2023

	Total			Homes			Mulleres		
	Total	Invalidez	Xubilación	Total	Invalidez	Xubilación	Total	Invalidez	Xubilación
2023	58	29	29	24	17	7	34	12	22

No ano 2023, había 58 persoas no concello de Arbo percibindo unha prestación non contributiva e case un 59% eran mulleres. Nas pensións de invalidez existe certo equilibrio entre mulleres (41,40%) e homes (58,60%) pero nas pensións non contributivas de xubilación detéctase unha gran maioría de mulleres perceptoras (75,86%). Estes datos dan mostra do resultado da tardía incorporación das mulleres ao mercado laboral, do papel da muller como coidadora, con traballos a media xornada e empregos precarizados e da economía somerxida.


POBREZA E RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL

Segundo os datos rexistrados no IGE no ano 2021, a media da renda dispoñible bruta por habitante do concello de Arbo é de 11.290 euros anuais.

Polo que respecta ás situación de risco de exclusión social, os gráficos 11 e 12 mostran a evolución da poboación beneficiaria da renda de inclusión social de Galicia (Risga) e das axudas de inclusión social (AIS) en Arbo.

A Risga é unha axuda destinada a persoas en risco de exclusión social que ofrece unha axuda económica pública para garantir recursos económicos de subsistencia a aquelas persoas que carecen deles. Está destinada a persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión e nas que se verifica a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego. Tamén se teñen en conta outros factores de exclusión como as cargas familiares non compartidas, a rehabilitación social, ser vítima de violencia de xénero, a discapacidade, a emigración, pertencer a unha minoría étnica ou ter exercido a prostitución, entre outras.

**Gráfico 11. Evolución de persoas beneficiarias da RISGA no Concello de Arbo, por sexo
(Ano 2013-2023)**




Desde o ano 2013 ata o ano 2023, 65 persoas foron beneficiarias desta axuda (27 mulleres e 38 homes). En xeral, o número de homes beneficiarios é lixeiramente superior ao das mulleres na maioría dos anos. En 2013, 2016 e 2017, os homes teñen cifras máis altas, mentres que no 2019 e 2020 os números son bastante baixos para ambos sexos, alcanzando o mínimo de 1 home en 2020 e manténdose en 1 ata o ano 2023.

Existen outras axudas, como as de inclusión social (AIS), que son de carácter puntual e destinada a sufragar gastos extraordinarios e urxentes ante situacións puntuais de grave emerxencia. Entre o ano 2013 e 2023, no concello de Arbo, tan só 8 persoas foron beneficiarias desta axuda. Neste caso, destaca considerablemente o número de homes beneficiarios (87,5%).



Gráfico 12. Evolución de persoas beneficiarias da AIS no Concello de Arbo , por sexo (Ano 2013-2023)



Con respecto ás persoas con discapacidade, no concello de Arbo rexístranse no ano 2023 320 persoas con discapacidade (160 homes e 160 mulleres). A táboa que se presenta a continuación recolle os datos do 2016, último do que hai rexistro no Instituto Galego de Estatística e mostra que a discapacidade física é a máis común, con 237 persoas en total e que o número de mulleres é significativamente maior que os homes, sobre todo nos graos máis altos de discapacidade. A discapacidade psíquica presenta unha distribución relativamente equitativa nos graos máis baixos pero tamén se observa un incremento de mulleres nos graos máis altos. A discapacidade sensorial é a menos común e ten unha distribución equilibrada entre mulleres e homes, excepto no rango do 65% ao 74% de discapacidade, onde as mulleres son maioría.

Táboa 12. Persoas con discapacidade segundo tipo e grao, por sexo. Arbo(2016)

		Do 33% ao 64%			Do 65% ao 74%			75% ou máis		
	Total	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Física	237	119	60	60	71	30	41	47	16	31
Psíquica	116	34	17	17	53	25	28	29	11	18
Sensorial	46	13	7	6	22	7	15	11	6	5


VIOLENCIA DE XÉNERO

Neste apartado recollemos a información dos últimos anos referida aos delitos de violencia de xénero, a partir dos datos obtidos no portal estatístico da Delegación do Goberno contra a violencia de xénero e do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Nesta recollida de datos, atopámonos coa dificultade de recompilar as cifras a nivel municipal. O dato máis próximo é o recollido a partir dos partidos xudiciais. O partido xudicial de Ponteareas é un dos 45 partidos nos que se divide a comunidade autónoma de Galicia e comprende os concellos de Arbo, A Cañiza, Covelo, Crecente, Mondariz, Mondariz-Balneario, As Neves, Salvaterra do Miño e Ponteareas. A cabeza de partido e, por tanto, a sede das institucións xudiciais é Ponteareas.

En primeiro lugar, achegámonos aos datos xerais do número de mulleres asasinadas a mans dos seus agresores no estado español e na comunidade autónoma ata o ano 2023.


Gráfico 13. Evolución do nº de vítimas mortais por violencia de xénero. España-Galicia (2012-2023)



No ano 2023, 52 mulleres foron asasinadas por violencia de xénero, dúas delas en Galicia.

Se atendemos aos datos do partido xudicial de Ponteareas atopamos que no ano 2023 rexistráronse 237 denuncias por violencia de xénero, 4 denuncias foron presentadas directamente pola vítima no xulgado x, 141 en dependencias policiais por denuncia da vítima, 5 por denuncia dun familiar e 84 por intervención directa da policía.

Gráfico 14. Evolución do nº de denuncias por violencia de xénero. Partido xudicial de Pontearreas 2014-2024




Nesta gráfica móstrase unha suba de denuncias recibidas no ano 2023 e 2024. Isto pode estar debido á maior sensibilización en materia de violencia de xénero.

Se ben é certo que non podemos coñecer con certeza o número correspondente ao concello de Arbo segundo estes datos, si é importante ter en conta que o Arbo está entre os concellos con menor poboación do Partido Xudicial.

Outra cuestión chave a analizar é a forma de terminación dos procesos de violencia de xénero. As posibles formas de terminación son a sentenza (absoluta ou condenatoria), o sobresemento, a elevación ao órgano competente ou outras. O sobresemento á súa vez pode ser libre ou provisional. Trátase dun sobresemento libre cando non existen indicios racionais de que se cometeu o delito, cando o feito denunciado non é consultivo de delito ou por exención da responsabilidade criminal do denunciado. O sobresemento será provisional cando non resulte xustificada a perpetración do delito ou por non ter autor coñecido e determinado. Outras formas de terminación son o desestimento, renuncia etc.

Gráfico 15. Evolución da forma de terminación. Partido Xudicial de Ponteareas (2016-2023)



Entre 2014 e 2023, os sobresementos provisionais foron a resolución máis frecuente, aínda que descendieron desde o 53,6 % en 2014 ata arredor do 26-41 % nos últimos anos. As sentenzas condenatorias experimentaron un incremento notable, chegando ao 33,3 % en 2020 e mantendo cifras altas ata 2023, mentres que as sentenzas absolutorias permanecen moi baixas (0-4,2 %). As elevacións a outros órganos foron significativas entre 2016 e 2018 (ata un 36,5 %), pero estabilizáronse en torno ao 21-27 % nos últimos anos. Os sobresementos libres son esporádicos e pouco frecuentes, e as resolucións clasificadas como “outras” aumentaron considerablemente en 2022 (25,3 %). En xeral, obsérvase unha maior proporción de casos resoltos con condena nos últimos anos.

O CIM (Centro de información á Muller) de referencia para o Concello de Arbo é o CIM de Ponteareas. O CIM é un servizo gratuíto destinado a atender as demandas das mulleres de forma personalizada e confidencial. Proporciona asesoramento xurídico, atención psicolóxica, información en materia de recursos e calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade de oportunidade. No último ano foron atendidas seis mulleres de Arbo con idades comprendidas entre os 20 e os 60 anos. Tres delas foron atendidas en calidade de vítimas de violencia de xénero, una por situación de vulnerabilidade como



muller migrante e dúas por motivos de discapacidade e/ou dependencia. No caso das vítimas de violencia de xénero, estas recibiron asistencia integral, que implica atención psicolóxica, xurídica e sociolaboral especializada. O resto de intervencións foron de orientación sociolaboral.



DIAGNOSE PARTICIPATIVA

DIAGNOSE PARTICIPATIVA

Co obxectivo de obter información relevante por parte da poboación do Concello de Arbo, realizouse un modelo de enquisa en *google forms* que foi difundido a través das redes do concello. Ademais, desde o centro educativo foi reenviado ás familias a través das súas plataformas de comunicación.

O cuestionario inicial estruturábase en áreas estratéxicas, con preguntas específicas para cada ámbito de actuación. Combináronse preguntas abertas e pechadas, destinadas a avaliar a adecuación das medidas propostas, o nivel de sensibilización da cidadanía en diversas temáticas, entre outros aspectos. O documento completo do cuestionario figura no apartado de anexos, e seguidamente destácanse os resultados máis relevantes organizados por áreas estratéxicas:

ÁREA 1: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA PRÁCTICA INSTITUCIONAL

- O 29% das persoas participantes consideran que o Concello de Arbo está comprometido coa igualdade de xénero, outro 29% opina que non, e o 42% afirma non saber responder.
- O 57,1% das persoas consideran que o concello non promove unha comunicación igualitaria e inclusiva, mentres que o 42,9% non teñen opinión ao respecto.
- A medida máis valorada, cun 42,9%, é a creación dun espazo na *web* municipal para difundir recursos, servizos e accións relacionadas coa igualdade de xénero.

ÁREA 2: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO EN IGUALDADE, PROMOVEDO A CONCILIACIÓN E A CORRESPONSABILIDADE.

- O 100% das persoas enquisadas coñecen iniciativas municipais que apoian a conciliación laboral e familiar.
- O 85,7% sinala que atopa dificultades para conciliar a vida laboral, familiar e persoal.
- Entre as medidas máis demandadas, o 28,6% das respostas coinciden en reforzar os servizos municipais de conciliación, mentres que outro 28,6% propón ampliar a oferta de actividades e programas relacionados.

ÁREA 3: EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN IGUALITARIA

- 57,1% considera que non existe unha participación equilibrada de mulleres e homes nas actividades culturais, deportivas e sociais organizadas polo concello.



- Entre os principais obstáculos mencionados destacan o machismo, a falta de recoñecemento ás mulleres e a ausencia de formación en feminismo dentro da corporación municipal.
- 42,9% das persoas enquisadas consideran prioritario diversificar a oferta cultural e potenciar actividades que visibilicen ás mulleres artistas e directoras.

ÁREA 4: EDUCACIÓN EN IGUALDADE

- 42,9% das persoas participantes perciben un nivel moi baixo de coñecemento sobre igualdade na poboación.
- A medida máis destacada, cun 28,6% das respostas, é organizar actividades dirixidas á infancia, xuventude e poboación adulta para fomentar a corresponsabilidade no fogar e no coidado das persoas.
- 100% das persoas considera fundamental promover actitudes igualitarias entre a rapazada e o conxunto da cidadanía.

ÁREA 5: CALIDADE DE VIDA E SAÚDE INTEGRAL

- Todas as persoas enquisadas coinciden en que non hai suficientes recursos nin actividades para promover o benestar físico e emocional, especialmente entre as mulleres de Arbo.
- As principais problemáticas identificadas inclúen a saúde mental e a insuficiente atención ás asociacións locais.
- Entre as medidas máis valoradas, o 50% das respostas propoñen fomentar a colaboración con entidades que traballen polas persoas con diversidade funcional.

ÁREA 6: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

- 57,1% das persoas consideran que a poboación non está ben informada sobre os recursos de apoio ás vítimas de violencia de xénero.
- Moitas respostas sinalan a necesidade de reforzar a prevención da violencia de xénero, especialmente a través da educación e a información.
- En canto ás medidas prioritarias, o 28,6% propoñen consolidar unha programación anual de actividades escolares adaptadas a diferentes niveis educativos; outro 28,6% defende o deseño dun plan específico para a prevención da violencia machista en festividades municipais; e un terceiro 28,6% destaca a importancia de abordar a violencia como unha problemática estrutural, mediante un conxunto de accións integradas.



Por outra banda, realizouse unha enquisa participativa destinada ao persoal técnico do concello, asociacións con grande impacto (asociación de mulleres rurais, asociación 3 de xullo, etc) ademais doutras consultas telefónicas. As principais achegas, comentarios e suxestións recóllense a continuación:

- O 80% das persoas que responderon á enquisa consideran que o concello promove unha **comunicación igualitaria e inclusiva**.
- Para garantir a igualdade de xénero nas políticas públicas, destacan como prioridades fomentar a contratación e a **igualdade salarial**, así como poñer o foco na **educación** como elemento clave para o cambio.
- O 80% das persoas participantes recoñecen a existencia de medidas para favorecer a **conciliación laboral e familiar**, pero subliñan a necesidade de adaptar estes recursos, como os campamentos en períodos non lectivos, aos horarios e á situación económica das familias.
- En relación ás dificultades para conciliar a vida laboral, familiar e persoal, o 60% das persoas enquisadas manifestan ter algunhas dificultades, mentres que o 20% di experimentar poucas dificultades e outro 20% asegura non ter ningunha.
- Entre as medidas propostas para mellorar a conciliación, destacan o **teletraballo** e, novamente, a relevancia de incorporar a **educación** como eixo fundamental.
- A maioría das persoas enquisadas recoñecen que as mulleres participan menos en actividades culturais, formativas ou deportivas. Como causas, sinalan a educación tradicional e a alta presenza de homes en determinados contextos.
- Para promover o **empoderamento das mulleres**, propoñen accións como fomentar a igualdade de xénero no ámbito laboral, reforzar o recoñecemento entre mulleres e promover valores de igualdade sen distincións de xénero.
- Sobre a educación en igualdade nos centros escolares, destacan a importancia dos **exemplos de conduta** nas aulas, o recoñecemento das achegas das mulleres e o valor do traballo nos **fogares**, onde tamén é fundamental fomentar a igualdade e a corresponsabilidade.
- Co obxectivo de favorecer a saúde integral e o autocoidado, suxíren actividades como charlas ou talleres participativos, e accións específicas dirixidas ás mulleres, como **ioga, pilates, risoterapia**, entre outras.



- As problemáticas de saúde e benestar identificadas polas persoas participantes inclúen **o estrés, a ansiedade** e a necesidade de fomentar a **educación emocional e a xestión das emocións**.
- Por último, as persoas enquisadas consideran que a poboación coñece os recursos dispoñibles para apoiar ás vítimas de violencia de xénero no concello, pero cren necesario reforzar a **educación, a xestión emocional e a protección das vítimas**.



CONCLUSIÓNS DA AVALIACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE



CONCLUSIÓNS DA AVALIACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE

No ano 2019 o Concello de Arbo puxo en marcha o seu II Plan de Igualdade co obxectivo de dar continuidade e reforzar o traballo que se viña realizando para reducir as desigualdades de xénero en todos os eidos da actividade municipal.

Procedeuse a realizar unha avaliación final do plan co obxectivo de comprobar a pertinencia, eficacia e eficiencia das actuacións postas en marcha para identificar os obstáculos para o seu desenvolvemento, identificar as fortalezas e efectuar as recomendacións que serviran para a elaboración deste novo plan de igualdade.

A continuación, recóllense os principais resultados e recomendacións baseadas na avaliación e que se deben ter en conta na elaboración do novo plan:

1. Integración do principio de igualdade nas políticas e accións municipais:

- Esta área amosa ser unha das menos desenvolvidas, a pesar dos avances realizados. A implantación da perspectiva de igualdade continúa a ser irregular, con desequilibrios evidentes entre departamentos e áreas de actuación.
- Recoméndase fortalecer os mecanismos de seguimento para garantir a correcta execución dos plans de igualdade e a incorporación efectiva da perspectiva de xénero en todas as accións municipais (por exemplo, a inclusión da variable sexo en procedementos administrativos).
- É fundamental impulsar a formación en igualdade para o persoal técnico e político, así como garantir a adopción plena da linguaxe inclusiva en toda a comunicación institucional.

2. Fomento da igualdade laboral e promoción do autoemprego con perspectiva de xénero:

- Identificouse a necesidade de reforzar o acompañamento e asesoramento específico ás mulleres en situación de desemprego ou interesadas en emprender proxectos empresariais.



- É recomendable continuar establecendo colaboracións con localidades próximas para implementar proxectos conxuntos que melloren substancialmente a situación das mulleres no mercado laboral.
- Débese garantir que estas medidas inclúan iniciativas adaptadas ás necesidades concretas das mulleres en risco de exclusión ou con cargas familiares elevadas.

3. Empoderamento das mulleres:

- A promoción da autonomía e do liderado feminino continúa a ser unha prioridade. Recoméndase o deseño de programas específicos enfocados no empoderamento das mulleres en todos os ámbitos.
- É necesario prestar atención específica ás mulleres con diversidade funcional, promovendo a súa integración plena en todos os contextos sociais e laborais.
- Resulta clave reforzar o movemento asociativo feminino e promover unha maior participación das mulleres nas estruturas organizativas e de toma de decisión.

4. Promoción da saúde con enfoque de igualdade:

- Aínda que se deron pasos importantes, cómpre intensificar a promoción de hábitos de vida saudables e garantir a atención específica ao colectivo de persoas con diversidade funcional.
- É fundamental fomentar a práctica deportiva sen barreiras de xénero, así como fortalecer as actividades orientadas á poboación maior, especialmente aquelas relacionadas co benestar físico e emocional.

5. Sensibilización e prevención da violencia de xénero:

- As medidas de sensibilización, especialmente dirixidas á comunidade educativa, amosan un alto grao de execución. Con todo, é necesario que estas accións se realicen de maneira continuada e non exclusivamente en datas conmemorativas (como o 25N e o 8M), para garantir un impacto máis profundo.
- A formación obrigatoria para o persoal implicado nos procesos de atención ás vítimas e para os participantes na Mesa Local de Coordinación é unha tarefa aínda pendente que se debe priorizar no novo plan.



6. Intervención e tratamento da violencia de xénero:


- Observouse un alto grao de implicación e cumprimento das medidas previstas no plan anterior. Aínda así, é crucial reforzar a colaboración entre todos os axentes implicados na atención ás vítimas, garantindo un seguimento adecuado dos casos.
- Débese priorizar o acceso das mulleres vítimas de violencia de xénero aos recursos esenciais, como formación, emprego e vivenda, asegurando que estas medidas sexan efectivas e áxiles.
- Ademais, cómpre fortalecer as redes de apoio ás vítimas, garantindo unha resposta integral que abranca aspectos psicolóxicos, sociais e económicos.



ESTRUTURA DO PLAN

ESTRUTURA DO PLAN

O III Plan de Igualdade do Concello de Arbo deseñouse a partir dos seguintes elementos estruturais que conforman a súa estrutura base:



As áreas de acción representan os ámbitos de intervención prioritaria para avanzar na consecución da igualdade entre mulleres e homes nos vindeiros anos. Asociado a cada unha das liñas, o obxectivo estratéxico define a meta ou o obxectivo xeral pretendido e, polo tanto, coincide coa estratexia de acción global e estrutural que se busca impulsar. Definiuse un obxectivo estratéxico por cada área de acción.

Os obxectivos operativos constitúen as metas concretas que permitirán a consecución do obxectivo estratéxico de cada unha das áreas de acción. No último nivel sitúanse as medidas ou propostas concretas de actuación para operativizar cada obxectivo operativo.

As liñas ou áreas de acción que conforman este novo plan son as seguintes:

ÁREA DE ACCIÓN I: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA PRÁCTICA INSTITUCIONAL

ÁREA DE ACCIÓN II: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO EN IGUALDADE, PROMOVEDO A CONCILIACIÓN E A CORRESPONSABILIDADE.

ÁREA DE ACCIÓN III: EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN IGUALITARIA

ÁREA DE ACCIÓN IV: EDUCACIÓN EN IGUALDADE

ÁREA DE ACCIÓN V: CALIDADE DE VIDA E SAÚDE INTEGRAL

ÁREA DE ACCIÓN VI: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO



Os obxectivos estratéxicos e operativos de cada área de acción son os que se expoñen no seguinte cadro, que recolle a estrutura matriz do III Plan de Igualdade.

ÁREA DE ACCIÓN I: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA PRÁCTICA INSTITUCIONAL	
OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVOS OPERATIVOS
Incorporar a perspectiva de xénero e o principio de igualdade entre mulleres e homes nas accións e políticas municipais.	1.1 Consolidar a transversalidade de xénero no conxunto da organización municipal. 1.2 Promover unha comunicación institucional plenamente igualitaria e inclusiva para reforzar a formación do persoal técnico e político en materia de igualdade
ÁREA DE ACCIÓN II: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO EN IGUALDADE, PROMOVEDO A CONCILIACIÓN E A CORRESPONSABILIDADE.	
OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVOS OPERATIVOS
Impulsar a empregabilidade en condicións de igualdade, ao tempo que se promove a corresponsabilidade e a conciliación dos tempos.	2.1 Promover a inserción sociolaboral, o apoderamento económico e a autonomía das mulleres, especialmente das que se atopan en situación de vulnerabilidade 2.2 Fortalecer os recursos de apoio á conciliación da vida laboral, persoal e familiar da poboación de Arbo.
ÁREA DE ACCIÓN III: EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN IGUALITARIA	
OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVOS OPERATIVOS
Consolidar o apoderamento e a participación social das mulleres coa posta en valor do seu talento e a atención ás súas necesidades concretas.	3.1 Contribuír ao apoderamento individual e colectivo das mulleres, atendendo a súa diversidade. 3.2 Fomentar a presenza e participación activa das mulleres nos distintos ámbitos e poñer en valo o seu talento.
ÁREA DE ACCIÓN IV: EDUCACIÓN EN IGUALDADE	
OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVOS OPERATIVOS
Favorecer un cambio de modelos e valores para avanzar na consecución da igualdade real entre mulleres e homes a través dunha educación igualitaria.	4.1 Continuar co labor de concienciación da cidadanía en materia de igualdade e de fomento da corresponsabilidade. 4.2 Promover a coeducación e os modelos de relación en igualdade entre a comunidade.
ÁREA DE ACCIÓN V: CALIDADE DE VIDA E SAÚDE INTEGRAL	
OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVOS OPERATIVOS
Promover o benestar físico, emocional e social da poboación, especialmente das mulleres, a través de accións adaptadas ás súas necesidades específicas e á súa diversidade.	5.1 Poñer en marcha e reforzar accións que atendan ás necesidades das mulleres e á súa diversidade. 5.2 Promover hábitos de vida saudables adaptadas ás necesidades de toda a poboación para mellorar a súa calidade de vida.
ÁREA DE ACCIÓN VI: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO	



OBXECTIVO ESTRATÉXICO	OBXECTIVOS OPERATIVOS
Reforzar a concienciación social sobre as distintas formas de violencias machistas para avanzar na súa prevención e promover unha atención integral ás vítimas destas violencias.	6.1 Impulsar a información, a sensibilización e a prevención da violencia de xénero. 6.2 Asegurar a atención integral ás vítimas de violencia de xénero a través da coordinación municipal e da optimización dos recursos existentes.



ÁREAS DE ACCIÓN E MEDIDAS



ÁREA I:

TRANSVERSALIDADE

DE XÉNERO NA

PRÁCTICA

INSTITUCIONAL



ÁREA I: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA PRÁCTICA INSTITUCIONAL

A transversalidade de xénero, tamén coñecida como *mainstreaming de xénero*, é unha estratexia recoñecida internacionalmente para integrar a perspectiva de xénero en todas as políticas, programas e accións das institucións. A súa implementación implica considerar de maneira sistemática as diferentes condicións, necesidades e impactos que as medidas teñen en mulleres e homes, garantindo a igualdade real.

Este enfoque nace da constatación de que a igualdade non pode ser alcanzada unicamente a través de políticas específicas de igualdade, senón que require ser unha prioridade transversal en todos os ámbitos de decisión política e acción administrativa. A incorporación da perspectiva de xénero nas institucións permite identificar e eliminar posibles discriminación de xénero, promover a igualdade de oportunidades nos procesos de planificación, execución e avaliación das políticas públicas e garantir a participación equitativa de mulleres e homes na toma de decisión, tanto dentro como fóra da institución.

O Concello de Arbo, a través deste eido, busca consolidar unha estrutura organizativa e administrativa que integre o enfoque de xénero en todas as áreas, procesos e servizos. Os obxectivos inclúen consolidar esta transversalidade a nivel interno, promover unha comunicación institucional inclusiva e reforzar a formación e sensibilización do persoal técnico e político. Entre as medidas clave destacan a creación dunha comisión interdepartamental para o seguimento do plan, a incorporación sistemática da variable de sexo nas bases de datos municipais e a instauración do uso dunha linguaxe e imaxes non sexistas.

Ao fortalecer estas accións, o Concello busca establecer unha base sólida para a igualdade efectiva, asegurando que a súa práctica institucional sexa un exemplo de compromiso coa equidade de xénero.



AREA I: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA PRÁCTICA INSTITUCIONAL

OBXECTIVO ESTRATÉXICO: Incorporar a perspectiva de xénero e o principio de igualdade entre mulleres e homes nas accións e políticas municipais.

OBXECTIVO OPERATIVO 1.1 : Consolidar a transversalidade de xénero no conxunto da organización municipal.

MEDIDA 1.1.1 Publicar e promover o III Plan de Igualdade do Concello de Arbo entre a cidadanía e os axentes sociais e económicos locais.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Alcaldía, Igualdade, Comunicación, Desenvolvemento local

MEDIDA 1.1.2 Incorporar a variable de sexo de forma sistemática nas bases de datos e sistemas de información do Concello.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Todos os departamentos.

MEDIDA 1.1.3 Crear unha comisión interdepartamental para o seguimento e avaliación do Plan.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Todos os departamentos.

MEDIDA 1.1.4 Incluír contidos sobre igualdade de xénero nos temarios das convocatorias de emprego público do Concello.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Emprego e Desenvolvemento local.

OBXECTIVO OPERATIVO 1.2 : Promover unha comunicación institucional plenamente igualitaria e inclusiva e reforzar a formación do persoal técnico e político en materia de igualdade.

MEDIDA 1.2.1 Presentar e explicar o contido e áreas implicadas no III Plan de Igualdade ao persoal técnico e político do concello de Arbo.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Todos os departamentos

MEDIDA 1.2.2 Favorecer a formación do persoal sobre a utilización da linguaxe non sexista.



▪ ÁREA RESPONSABLE: Todos os departamentos
MEDIDA 1.2.3 Promover o uso dunha linguaxe, contidos e imaxes inclusivas e non sexistas en toda a comunicación municipal, asegurando que todas as publicacións, documentos e materiais difundidos polo concello respecten e reflectan estes principios de igualdade e diversidade. ▪ ÁREA RESPONSABLE: Todos os departamentos.
MEDIDA 1.2.4 Favorecer a sensibilización e formación en materia de igualdade a todo o persoal técnico e político do Concello. ▪ ÁREA RESPONSABLE: Todos os departamentos.
MEDIDA 1.2.5 Mellorar a difusión das actividades que se realizan no concello en materia de igualdade. ▪ ÁREA RESPONSABLE: Servizos Sociais, Igualdade, Cultura e Comunicación/RRSS
MEDIDA 1.2.6 Incluír un espazo na páxina <i>web</i> municipal para a difusión dos recursos, dos servizos e das accións en materia de igualdade entre mulleres e homes. ▪ ÁREA RESPONSABLE: Igualdade, Servizos Sociais e Comunicación/RRSS



ÁREA II:

DESENVOLVEMENTO
ECONÓMICO EN
IGUALDADE, PROMOVENDO
A CONCILIACIÓN E A
CORRESPONSABILIDADE



ÁREA II: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO EN IGUALDADE, PROMOVEDO A CONCILIACIÓN E A CORRESPONSABILIDADE.

O desenvolvemento económico é un eixo central para acadar a igualdade efectiva. Sen independencia económica, as mulleres enfróntanse a maiores obstáculos para exercer plenamente os seus dereitos. Con todo, as desigualdades estruturais no mercado laboral, como a fenda salarial, a segregación horizontal e vertical e a precariedade laboral, seguen sendo barreiras para o progreso.

Ademais, as responsabilidades de coidados, que tradicionalmente recaen nas mulleres, limitan a súa participación plena no mercado laboral. A conciliación e a corresponsabilidade son pezas clave para romper este desequilibrio. Mentres que a conciliación fai referencia á harmonización da vida laboral, familiar e persoal, a corresponsabilidade enfatiza a redistribución equitativa das tarefas de coidados e do fogar entre homes, mulleres, administracións públicas e empresas.

No marco deste plan, o Concello de Arbo aposta por promover a inserción sociolaboral das mulleres, con especial atención ás que se atopan en situación de vulnerabilidade. Accións como a formación en habilidades específicas, o fomento do autoemprego feminino ou a visibilización de mulleres emprendedoras reforzan este compromiso. Ademais, avánzase no fortalecemento dos recursos de conciliación, garantindo que homes e mulleres poidan participar de igual modo na vida laboral, persoal e familiar.

Estas medidas buscan non só mellorar a empregabilidade e a autonomía das mulleres, senón tamén promover un cambio cultural onde a responsabilidade das tarefas domésticas e de coidado sexa compartida equitativamente entre mulleres e homes.

ÁREA II: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO EN IGUALDADE, PROMOVENDO A CONCILIACIÓN E A CORRESPONSABILIDADE

OBXECTIVO ESTRATÉGICO: Impulsar a empregabilidade en condicións de igualdade, ao tempo que se promove a corresponsabilidade e a conciliación dos tempos.

OBXECTIVO OPERATIVO 2.1 : Promover a inserción sociolaboral, o apoderamento económico e a autonomía das mulleres, especialmente das que se atopan en situación de vulnerabilidade.

MEDIDA 2.1.1 Ofrecer programas de orientación e acompañamento enfocados á inserción laboral das mulleres, en particular das que se atopan en situación de vulnerabilidade.

- **ÁREA RESPONSABLE.** Emprego, Desenvolvemento local, Servizos Sociais e Igualdade.

MEDIDA 2.1.2 Continuar coa realización de accións formativas orientadas á procura de emprego, á capacitación profesional e á reciclaxe profesional.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Emprego, Desenvolvemento local, Servizos Sociais.

MEDIDA 2.1.3 Levar a cabo cursos de formación destinados a mellorar a empregabilidade (novas tecnoloxías, habilidades sociais etc.) orientados ás necesidades actuais do mercado laboral.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Emprego, Desenvolvemento local, Servizos Sociais.

MEDIDA 2.1.4 Recuperar a formación orientada á obtención das competencias clave para promover a inserción laboral e independencia económica das mulleres.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Emprego, Desenvolvemento local, Servizos Sociais.

MEDIDA 2.1.5 Difundir entre o tecido empresarial do concello información sobre os recursos e axudas existentes para a contratación feminina e a implantación de medidas de conciliación e flexibilidade horaria.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Emprego, Desenvolvemento local, Servizos Sociais.

MEDIDA 2.1.6 Promover e poñer en valor o autoemprego feminino a través da oferta e difusión de formación específica, recursos e axudas.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Emprego, Desenvolvemento local, Servizos Sociais.



MEDIDA 2.1.7 Promover a visibilización de mulleres emprendedoras da contorna para reforzar a súa presenza e mellorar a participación fumeina no mercado laboral.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade, Emprego, Desenvolvemento local, Servizos Sociais.

OBXECIVO OPERATIVO 2.2: Fortalecer os recursos de apoio á conciliación da vida laboral, persoal e familiar da poboación de Arbo.

MEDIDA 2.2.1 Ampliar a oferta de actividades, servizos e programas de conciliación para darlles resposta ás necesidades das familias arbenses.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade, Servizos Sociais e Desenvolvemento local.

MEDIDA 2.2.2 Favorecer a participación de mulleres e homes nas accións formativas, actos, actividades culturais e deportivas etc. impulsadas desde o concello, a través da adaptación dos horarios e da oferta do servizo de canguraxe.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade, Servizos Sociais, Cultura, Deportes, Xuventude.

MEDIDA 2.2.3 Dar continuidade aos servizos municipais que favorecen a conciliación como o PAI (Punto de atención á infancia), os campamentos de verán, semana santa, nadal etc.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación, Servizos Sociais e Igualdade.



ÁREA III:

EMPODERAMIENTO E

PARTICIPACIÓN

IGUALITARIA



ÁREA III: EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN IGUALITARIA

O empoderamento feminino é un proceso polo cal as mulleres reforzan a súa autonomía, melloran o control sobre as súas vidas e incrementan a súa capacidade de participación plena na sociedade, en pé de igualdade cos homes. Aínda que existen importantes avances, a representación das mulleres en postos de decisión –tanto no ámbito público como privado– segue sendo desigual.

A participación igualitaria require crear espazos onde as mulleres poidan involucrarse nas decisións políticas, económicas e sociais que afectan ás súas vidas. Isto inclúe non só a paridade nos órganos institucionais, senón tamén a súa presenza nos procesos participativos a nivel comunitario.

O empoderamento das mulleres e a súa participación activa en todos os ámbitos da vida social, cultural, económica e política son aspectos fundamentais para reducir as desigualdades de xénero. Este eido busca fortalecer o apoderamento individual e colectivo das mulleres, especialmente aquelas que pertencen a colectivos en situación de vulnerabilidade, garantindo a súa presenza e protagonismo.

O plan inclúe accións que promoven a autoestima, o crecemento persoal e a creación de redes sociais para mulleres, ademais de fomentar a visibilización do seu talento e das súas contribucións en diversos ámbitos. En paralelo, impúlsase a participación das mulleres en órganos de consulta e decisión, así como en actividades culturais e artísticas con perspectiva de xénero.

Deste xeito, o Concello de Arbo busca garantir que as mulleres da comunidade se sintan representadas e valoradas, contribuíndo activamente á vida pública e ao desenvolvemento social da localidade.

ÁREA III: EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN IGUALITARIA

OBXECTIVO ESTRATÉGICO: Consolidar o apoderamento e a participación social das mulleres coa posta en valor do seu talento e a atención ás súas necesidades concretas.

OBXECTIVO OPERATIVO 3.1: Contribuír ao apoderamento individual e colectivo das mulleres, atendendo a súa diversidade.

MEDIDA 3.1.1 Continuar coa conmemoracións do 8M e promover encontros anuais das mulleres do concello de Arbo como estratexia de apoderamento (nesta ou noutras datas sinaladas).

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade, Cultura, Servizos Sociais, Educación.

MEDIDA 3.1.2 Reforzar a realización de diversas actividades para mulleres, dirixidas a fomentar a autoestima, o crecemento persoal, o apoderamento e o autocoidado.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade, Servizos Sociais e Educación.

MEDIDA 3.1.3 Diseñar accións que potencien as habilidades sociais e as redes de socialización das mulleres que se atopan en situación de vulnerabilidade. (mulleres maiores, mulleres rurais, inmigrantes, monomarentais etc.)

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade, Servizos Sociais e Educación.

MEDIDA 3.1.4 Colaborar con entidades que traballan especificamente con colectivos de mulleres con diversidade funcional.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade, Servizos Sociais e Educación.

MEDIDA 3.1.5 Impulsar a creación, consolidación e financiación das asociacións da contorna, especialmente das asociacións de mulleres rurais.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade, Servizos Sociais, Educación e Medio Rural.

MEDIDA 3.1.6 Involucrar ás asociacións da contorna, especialmente das asociacións de mulleres, nos órganos de consulta e participación cidadá.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Participación cidadá, Igualdade, Medio Rural.



OBXECTIVO OPERATIVO 3.2: Fomentar a presenza e participación activa das mulleres nos distintos ámbitos e poñer en valor o seu talento.

MEDIDA 3.2.1 Consolidar e ampliar a oferta de actividades artísticas, culturais e de lecer (traballos manuais, baile, cociña, teatro etc.) con perspectiva de xénero e fomentar a participación de persoas de todas as idades.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade, Cultura, Xuventude e Servizos Sociais.

MEDIDA 3.2.2 Continuar coas accións de visibilización do papel das mulleres ao longo da historia e poñer en valor as súas contribucións en diferentes ámbitos (cultura, artes, ciencia, deporte etc.).

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade, Cultura, Xuventude e Servizos Sociais.

MEDIDA 3.2.3 Reforzar a dotación da biblioteca con libros que aborden a promoción da igualdade e que visibilicen ás mulleres escritoras.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación, Cultura e Igualdade.

MEDIDA 3.3.4 Garantir a diversificación da oferta cultural e a oferta de accións e actividades que visibilicen a mulleres artistas e directoras e outras que aborden de maneira específica e/ou transversal a promoción de valores igualitarios.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Cultura e Igualdade.



ÁREA IV:

EDUCACIÓN EN IGUALDADE



ÁREA IV: EDUCACIÓN EN IGUALDADE

A educación é un dos piares fundamentais para promover a igualdade de xénero e erradicar as desigualdades estruturais. Desde idades temperás, a transmisión de valores igualitarios e a eliminación de estereotipos de xénero son clave para previr comportamentos discriminatorios e fomentar relacións baseadas no respecto mutuo.

A educación en igualdade é a ferramenta máis poderosa para erradicar os estereotipos de xénero, previr a discriminación e fomentar relacións baseadas no respecto mutuo e a corresponsabilidade. Este eido céntrase en accións dirixidas a toda a comunidade educativa, incluíndo alumnado, familias, profesorado e monitorado, co obxectivo de promover a coeducación e os modelos de relación en igualdade.

O plan establece medidas como a programación de actividades para fomentar a corresponsabilidade no fogar, a formación específica en igualdade para profesorado e a realización de accións de sensibilización que poñan en valor a diversidade e o respecto ao colectivo LGTBIQ+. Ademais, impulsan programas de educación afectivo-sexual e iniciativas culturais libres de estereotipos.

A través destas accións, o Concello busca transformar as bases educativas da comunidade, fomentando unha cidadanía activa, crítica e comprometida coa igualdade de xénero.



ÁREA IV: EDUCACIÓN EN IGUALDADE

OBXECTIVO ESTRATÉGICO: Favorecer un cambio de modelos e valores para avanzar na consecución da igualdade real entre mulleres e homes a través dunha educación igualitaria.

OBXECTIVO OPERATIVO 4.1: Continuar co labor de concienciación da cidadanía en materia de igualdade e de fomento da corresponsabilidade

MEDIDA 4.1.1 Organizar actividades dirixidas á infancia, á xuventude e á poboación adulta para potenciar a corresponsabilidade no fogar e no coidado das persoas.

- **ÁREAS RESPONSABLES:** Educación, Xuventude e Igualdade.

MEDIDA 4.1.2 Impulsar a programación de actividades diversas con motivo da conmemoración das principais datas de recoñecemento e de reivindicación dos dereitos das nenas e das mulleres.

- **ÁREAS RESPONSABLES:** Educación, Xuventude, Igualdade e Cultura.

MEDIDA 4.1.3 Reforzar a formación específica en materia de igualdade para todo o monitorado e profesorado das actividades deportivas e culturais ofertadas polo concello, para garantir a inclusión da perspectiva de xénero na programación e execución das actividades.

- **ÁREAS RESPONSABLES:** Educación, Igualdade, Cultura e Deportes.

MEDIDA 4.1.4 Continuar coa realización de actividades e accións que promoven a sensibilización e a interiorización dos valores en igualdade para toda a poboación a través da oferta de obradoiros, charlas e actos atractivos nos que favorecer a reflexión e participación.

- **ÁREAS RESPONSABLES:** Educación, Igualdade, Cultura e Servizos Sociais.

MEDIDA 4.1.5 Desenvolver accións de visibilización e sensibilización que fomenten o respecto e tolerancia ao colectivo LGTBIQ+ no espazo do concello no marco das principais datas asociadas a esta comunidade, como o 28 de xuño.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade e Servizos Sociais.

MEDIDA 4.1.6 Promover accións formativas nas que promover a corresponsabilidade, garantindo a participación equilibrada de mulleres e homes .

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación, Xuventude, Igualdade e Servizos Sociais.



OBXECTIVO OPERATIVO 4.2 : Promover a coeducación e os modelos de relación en igualdade entre a comunidade educativa.

MEDIDA 4.2.1 Desenvolver programas específicos e actividades da educación afectivo sexual en todas as etapas educativas e para as familias.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación, Igualdade e Servizos Sociais.

MEDIDA 4.2.2 Organizar actividades de ocio infantil e xuvenil (películas, obras de teatro, contacontos...) libres de estereotipos de xénero e de mensaxes estereotipadas.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación, Xuventude, Cultura, Igualdade e Servizos Sociais.

MEDIDA 4.2.3 Reforzar a coeducación e a perspectiva de xénero dos programas municipais de lecer e deporte infantil como as escolas deportivas, os campamentos etc.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación, Xuventude, Cultura, Igualdade e Servizos Sociais.

MEDIDA 4.2.4 Colaborar coa ANPA para a realización de actividades que involucren a toda a comunidade educativa e que fomenten actitudes igualitarias.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación, Xuventude, Cultura, Igualdade e Servizos Sociais.

MEDIDA 4.2.5 Involucrar ao alumnado na promoción da igualdade coa súa participación en actividades e obradoiros específicos e a súa implicación activa nas accións conmemorativas dos días 25 de novembro e 8 de marzo.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación, Xuventude, Cultura, Igualdade e Servizos Sociais.



ÁREA V:

CALIDADE DE VIDA E SAÚDE INTEGRAL



ÁREA V: CALIDADE DE VIDA E SAÚDE INTEGRAL

A igualdade tamén pasa por garantir que mulleres e homes teñan acceso a servizos de saúde e benestar de calidade, adaptados ás súas necesidades específicas. Porén, a saúde non só está influída por factores biolóxicos, senón tamén polas desigualdades de xénero, como a sobrecarga das mulleres en tarefas de coidado ou a falta de atención específica ás súas necesidades sanitarias.

A saúde e a calidade de vida son dereitos fundamentais que deben ser garantidos de maneira equitativa, atendendo ás necesidades específicas de mulleres e homes e á súa diversidade. Este eido céntrase en promover o benestar físico, emocional e social das mulleres, ao tempo que reforza hábitos saudables e a inclusión de todas as persoas. O enfoque de saúde integral e con perspectiva de xénero busca visibilizar e atender problemas de saúde específicos das mulleres, como os relacionados co ciclo reprodutivo ou a saúde mental, que a miúdo se ven afectados por situacións de estrés e violencia. Tamén se procura garantir o acceso igualitario a recursos sanitarios e sociais, especialmente nas zonas rurais, así como sensibilizar sobre a importancia do autocoidado e da prevención en saúde, tanto para mulleres como para homes.

O plan contempla accións como a organización de actividades centradas no autocoidado, a difusión de información clave sobre saúde feminina e a creación de redes de apoio para mulleres coidadoras. Ademais, inclúe medidas para promover un envellecemento activo e saudable e para atender ás necesidades das persoas con diversidade funcional.

Con estas iniciativas, Arbo busca garantir que todas as mulleres, independentemente das súas circunstancias, poidan desenvolver unha vida plena e saudable, libre de desigualdades.



ÁREA V: CALIDADE DE VIDA E SAÚDE INTEGRAL

OBXECTIVO ESTRATÉGICO: Promover o benestar físico, emocional e social da poboación, especialmente das mulleres, a través de accións adaptadas ás súas necesidades específicas e á súa diversidade.

OBXECTIVO OPERATIVO 5.1: Poñer en marcha e reforzar accións que atendan ás necesidades das mulleres e á súa diversidade.

MEDIDA 5.1.1 Promover unha programación anual de actividades baseadas no autocoidado físico e emocional das mulleres (autocoñecemento, autoestima, creación de redes, habilidades sociais, asertividades etc.).

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación, Xuventude, Igualdade e Servizos Sociais.

MEDIDA 5.1.2 Organizar sesións formativas e informativas sobre temas relacionados coa saúde das mulleres (saúde mental, endometriose, fibromialxia, cancro de mama etc.) centrado na detección e prevención destas problemáticas.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación, Xuventude, Igualdade e Servizos Sociais.

MEDIDA 5.1.3 Continuar coa colaboración con entidades que atenden especificamente ás necesidades das persoas con diversidade funcional co obxectivo de reducir o estigma e de garantir unha atención integral de calidade.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade, Servizos Sociais e Desenvolvemento Local.

OBXECTIVO OPERATIVO 5.2: Promover hábitos de vida saudables adaptadas ás necesidades de toda a poboación para mellorar a súa calidade de vida.

MEDIDA 5.2.1 Ampliar e reforzar a programación de actividades orientadas á terceira idade, para promover un envellecemento activo e saudable (estimulación cognitiva, práctica deportiva, redes de socialización etc.).

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade e Servizos Sociais.

MEDIDA 5.2.2 Reforzar programas sobre hábitos de vida saudable orientados á toda a poboación a través de accións formativas presenciais (sono, alimentación, xestión de estrés etc.) e tamén da difusión de información clave nas canles de comunicación do concello (páxina web, facebook etc.).

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación, Xuventude, Igualdade e Servizos Sociais.



MEDIDA 5.2.3 Fomentar e consolidar a creación de grupos de mulleres orientados ao fomento do autocoidados e do benestar.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación, Xuventude, Igualdade, Servizos Sociais.

MEDIDA 5.2.4 Ofertar formación específica para as persoas coidadoras co obxectivo de crear redes de apoio, mellorar os coñecementos e tamén favorecer o autocoidado.

- **ÁREA RESPONSABLES:** Igualdade e Servizos Sociais.



ÁREA VI:

ABORDAXE

INTEGRAL DA

VIOLENCIA DE

XÉNERO



ÁREA VI: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia de xénero é unha das manifestacións máis graves das desigualdades entre mulleres e homes. É un problema estrutural que afecta a todos os niveis da sociedade, e a súa erradicación require unha resposta integral e coordinada entre as institucións. Unha abordaxe integral implica previr as violencias a través da sensibilización e educación desde idades temperás, protexer ás vítimas mediante redes de apoio, recursos específicos e acompañamento social, legal e psicolóxico e promover a reparación das vítimas, favorecendo a súa autonomía e independencia.

Os concellos teñen un papel fundamental na loita contra a violencia de xénero, xa que son a administración máis próxima á cidadanía. Deben liderar iniciativas de prevención, crear redes de apoio local e garantir que ningún caso quede sen atención. A loita contra a violencia de xénero debe ser un compromiso central no Concello de Arbo, polo que nesta área estratéxica se inclúen medidas fundamentais como a consolidación da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional, a programación de actividades escolares para previr a violencia machista e a creación de espazos de información e recursos para as vítimas. Ademais, impulsa campañas de sensibilización que involucran a toda a cidadanía, buscando xerar un cambio social profundo que rexeite calquera tipo de violencia machista.

Estas accións pretenden garantir unha atención integral e eficiente ás vítimas, ao tempo que promoven unha comunidade comprometida coa igualdade e o respecto.

ÁREA VI: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

OBXECTIVO ESTRATÉGICO: Reforzar a concienciación social sobre as distintas formas de violencias machistas para avanzar na súa prevención e promover unha atención integral ás vítimas destas violencias.

OBXECTIVO OPERATIVO 6.1: Impulsar a información, a sensibilización e a prevención da violencia de xénero.

MEDIDA 6.1.1 Afianzar o 25N como data central de realización de accións de concienciación sobre as violencias machistas a través da implicación na súa celebración doutros departamentos, axentes sociais e a cidadanía con accións que teñan continuidade no tempo (murais, pintado de mobiliario público etc.) e que se estenda a todo o ano.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación, Xuventude, Igualdade, Cultura, Desenvolvemento Local e Servizos Sociais.

MEDIDA 6.1.2 Consolidar a programación anual de actividades destinadas á poboación escolar adaptadas a cada nivel educativo (obradoiros, charlas, e/ou actividades) para afondar nas distintas formas de violencia, especialmente naquelas con especial incidencia nestes grupos, como as violencias sutís ou non visibles e as violencias dixitais.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Educación, Xuventude, Igualdade e Servizos Sociais.

MEDIDA 6.1.3 Diseñar un plan de actuación e de prevención das violencias machistas (especialmente agresións sexuais) nas festividades e celebracións municipais ao tempo que se informa sobre os recursos específicos para as posibles vítimas de calquera forma de violencia machista.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade, Servizos Sociais e Turismo.

MEDIDA 6.1.4 Poner en marcha accións de sensibilización e concienciación contra a violencia machista dirixida á cidadanía en xeral a través de obras teatrais, obradoiros, actos ou encontros.

- **ÁREA RESPONSABLE:** Igualdade, Servizos Sociais e Cultura.



MEDIDA 6.1.5 Crear un apartado na páxina web municipal onde se inclúan os principais recursos dispoñibles destinados á atención da violencia de xénero (incluíndo a súa descrición, localización, horarios etc.).

- **ÁREA RESPONSABLES:** Igualdade, Servizos Sociais e Comunicación/RRSS

MEDIDA 6.1.6 Promover a difusión de recursos específicos destinados para a atención a violencia de xénero nos principais espazos do concello (mercado, centro de saúde, instalacións do concello, Centro ARABO etc.).

- **ÁREA RESPONSABLE:** Desenvolvemento local, Igualdade, Servizos Sociais, Turismo, Cultura, Educación e Xuventude.

OBXECTIVO OPERATIVO 6.2: Asegurar a atención integral ás vítimas de violencia de xénero a través da coordinación municipal e da optimización dos recursos existentes.

MEDIDA 6.2.1 Reforzar a formación específica do persoal implicado na abordaxe integral da violencia de xénero.

- **ÁREAS RESPONSABLES:** Igualdade, Servizos Sociais, Desenvolvemento local.

MEDIDA 6.2.2 Continuar coa actividade da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, especialmente coa coordinación e homoxeneización da intervención dos diferentes axentes implicados e a difusión dos acordos que nela se tomen.

- **ÁREAS RESPONSABLES:** : Igualdade, Servizos Sociais, Desenvolvemento local.

MEDIDA 6.2.3 Facilitar o acceso aos recursos específicos dispoñibles para a atención en materia de violencia de xénero e realizar un seguimento dos casos.

- **ÁREA RESPONSABLES:** Igualdade e Servizos Sociais.

MEDIDA 6.2.4 Incluír a valoración da condición de vítima de violencia de xénero nos baremos de convocatorias de acceso aos recursos municipais (educación, conciliación, etc.) e nos procesos de selección.

- **ÁREAS RESPONSABLES:** Educación, Igualdade, Emprego, Desenvolvemento Local, Servizos Sociais.

MEDIDA 6.2.5 Continuar priorizando os expedientes vinculados a casos de violencia de xénero para garantir unha atención rápida, efectiva e eficaz das posibles vítimas de violencia machista.

- **ÁREA RESPONSABLES:** Educación, Igualdade, Emprego, Desenvolvemento Local, Servizos Sociais.



SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e a avaliación dos instrumentos de planificación das administracións públicas, como este plan, constitúen mecanismo esenciais que permiten comprobar a pertinencia, eficacia e eficiencia dos plans e dos programas postos en marcha.

O III Plan de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Arbo 2024-2029 debe ser tamén obxecto do seguimento e da avaliación, dos procesos complementarios que van permitir a monitorización do conxunto de accións programadas, co obxectivo de verificar o grao de cumprimento e de efectividade das accións en relación cos obxectivos propostos.

Tanto o seguimento do plan como a súa avaliación estarán impulsados e coordinados pola Comisión de Igualdade Interdepartamental que se prevé crear ao abeiro deste plan, comisión que terá as seguintes funcións:

- **Impulsar e supervisar o desenvolvemento do III Plan.**
- **Velar polo cumprimento das directrices que se establezan, aprobando ou modificando as medidas propostas.**
- **Atender e canalizar as consultas e/ou reclamacións.**
- **Canalizar a información desde os distintos departamentos do Concello.**
- **Informar sobre as accións programadas e executadas anualmente en materia de igualdade, cara á elaboración dun informe anual do plan.**
- **Presentar unha avaliación final do plan.**

O seguimento do plan impulsarase con carácter anual e os seus resultados plasmaranse nun informe que integre as accións desenvolvidas polos diferentes departamentos. Este informe adaptarase ao deseño do plan, estruturado en áreas estratéxicas e obxectivos operativos.

O seguimento entenderase como un proceso de avaliación continua, que servirá para corrixir, reorientar ou reformar as actuacións desenvolvidas se fose o caso.

A avaliación permitirá coñecer o grao de execución do plan, os seus resultados e o impacto que tivo sobre a sociedade e/ou axentes implicados, o que permitirá valorar a pertinencia da continuidade de certas medidas en posteriores plans e instrumentos de traballo.

A avaliación final realizarase ao finalizar o período de vixencia do plan e recoméndase unha metodoloxía que combine técnicas de recollida de datos cuantitativos con outras técnicas de recollida de información cualitativa que permita incorporar valoracións, grao de satisfacción etc.

No informe derivado da avaliación final analizarase o nivel de execución do plan e sinalaranse aspectos de mellora e recomendacións que se deban ter en conta para a elaboración dun futuro plan de igualdade.

Tanto para o proceso de seguimento como para a avaliación final é necesario dispoñer dunha batería de indicadores que permitan a valoración dos resultados e dos efectos esperados e estes poden ser:

- **Indicadores de realización:** dan conta da realización de determinadas accións (nº de charlas, exposicións, cursos etc.)
- **Indicadores de resultado:** proporcionan información sobre a actividade do proxecto, programa ou acción que se desenvolva en termos de cuantificación do seu efecto (nº de persoas participantes, organizacións beneficiarias, nº de asistentes, nº de horas impartidas de formación, etc.)

A continuación propóñense algúns indicadores para o seguimento e avaliación das medidas:

EXEMPLOS DE INDICADORES PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN	
Nº e tipo (descrición) de actividades realizadas	- Campañas, charlas, obradoiros, accións formativas, subvencións concedidas, exposicións, actividades etc.
Nº de persoas beneficiarias/ destinatarias diferenciadas por sexo (e grupos de idade, cando proceda)	- Nº de persoas beneficiarias de axudas ou programas, nº de persoas asistentes a charlas, exposicións, nº de persoas participantes en actividades etc.
Nº de axentes participantes	- Departamentos municipais, centros educativos, asociacións, entidades sociais, outras administracións etc.
Grao de satisfacción	- Sempre que sexa posible avaliar o grao de satisfacción a través de instrumentos deseñados para este fin (cuestionarios, dinámicas etc.).

**Orzamento destinado****Efectos observados**

- Comentarios relacionados coas intervencións e resultados observados das accións co obxectivo de obter unha valoración cualitativa das accións desenvolvidas).

Co obxectivo de facilitar o proceso de seguimento e avaliación do plan, realizouse un documento elaborado *ad hoc* e que está dispoñible no apartado de anexos deste documento.



ANEXOS



ANEXOS

FICHA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN

FICHA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN PARA O SEGUIMENTO E A AVALIACIÓN DO III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE ARBO

INSTRUCCIÓN:

Cubrirase unha ficha para cada actuación que se realice. Para iso, é recomendable dispoñer do documento do plan, identificar correctamente a área de acción, o obxectivo operativo e a medida.

DATOS DE CONTACTO:

- Departamento ou entidade:
- Nome e apelido:
- Cargo:
- Enderezo electrónico:
- Teléfono:
- Data:

DEPARTAMENTO MUNICIPAL/ENTIDADE OU ORGANISMO RESPONSABLE:

ÁREA DE ACCIÓN NA QUE SE INCLÚE

☐ ÁREA I ☐ ÁREA II ☐ ÁREA III ☐ ÁREA IV ☐ ÁREA V ☐ ÁREA VI

OBXECTIVO OPERATIVO NO QUE SE INCLÚE

☐ 1.1 ☐ 1.2 ☐ 2.1 ☐ 2.2 ☐ 3.1 ☐ 3.2
☐ 4.1 ☐ 4.2 ☐ 5.1 ☐ 5.2 ☐ 6.1 ☐ 6.2

MEDIDA DO PLAN NA QUE SE INCLÚE (indicar os tres díxitos completos da medida ou medidas do III Plan nas que se encadra a actuación desenvolvida)

DENOMINACIÓN DA ACTUACIÓN (nome completo da actuación desenvolvida)

DESCRIPCIÓN (información resumida e clara sobre a natureza, contexto e contido da actuación, obxectivos, necesidades ás que responde etc.)



POBOACIÓN OU ENTIDADES DESTINATARIAS (describir de forma detallada a que persoas – ou colectivos- está dirixida a actuación ou, se é o caso, á que entidades/organizacións. Detallar as características sociodemográficas: poboación xeral, poboación infantil, adulta, persoas maiores, etc.

- PERSOAS DESTINATARIAS:
- ENTIDADES/ORGANIZACIÓNS DESTINATARIAS:

Nº DE PERSOAS PARTICIPANTES POR SEXO:

MULLERES HOMES

OUTROS INDICADORES (indicar os datos atendendo aos indicadores recomendados no plan)

LUGAR NO QUE SE DESENVOLVEU A ACTUACIÓN: (indicar o lugar de realización)

DATA DE REALIZACIÓN DA ACTUACIÓN

Día e mes:

Ano: ☐ 2024 ☐ 2025 ☐ 2026 ☐ 2027 ☐ 2028 ☐ 2029

DURACIÓN DA ACTUACIÓN

Total horas:

RECURSOS ECONÓMICOS DEDICADOS (indicar o nome dos departamentos, entidades ou organismos que participaron no financiamento da actuación e o respectivo orzamento dedicado)

Nome dos departamentos ou entidades

Orzamento

€.

€.

SUXESTIÓNS/PROPOSTAS DE MELLORA (engadir os comentarios e suxestións que permitan a mellora, corrección ou modificación da actuación).



FICHA RESUMO DAS MEDIDAS DO PLAN

ÁREA I: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA PRÁCTICA INSTITUCIONAL	
1.1 Construír a transversalidade de xénero no conxunto dunha organización municipal	
1.1.1	Publicar e promover o III Plan de Igualdade do Concello de Arbo entre a cidadanía e os axentes sociais e económicos locais.
1.1.2	Incorporar a variable de sexo de forma sistemática nas bases de datos e sistemas de información do Concello.
1.1.3	Crear unha comisión interdepartamental para o seguimento e avaliación do Plan.
1.1.4	Incluír contidos sobre igualdade de xénero nos temarios das convocatorias de emprego público do Concello.
1.2 Promover unha comunicación institucional plenamente igualitaria e inclusiva e reforzar a formación do persoal técnico e político en materia de igualdade.	
1.1.1	Presentar e explicar o contido e áreas implicadas no III Plan de Igualdade ao persoal técnico e político do concello de Arbo.
1.2.2	Favorecer a formación do persoal sobre a utilización da linguaxe non sexista.
1.2.3	Promover o uso dunha linguaxe, contidos e imaxes inclusivas e non sexistas en toda a comunicación municipal, asegurando que todas as publicacións, documentos e materiais difundidos polo concello respecten e reflictan estes principios de igualdade e diversidade.
1.2.4	Favorecer a sensibilización e formación en materia de igualdade a todo o persoal técnico e político do Concello.
1.2.5	Mellorar a difusión das actividades que se realizan no concello en materia de igualdade.
1.2.6	Incluír un espazo na páxina <i>web</i> municipal para a difusión dos recursos, dos servizos e das accións en materia de igualdade entre mulleres e homes.
ÁREA II: DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO EN IGUALDADE, PROMOVENDO A CONCILIACIÓN E A CORRESPONSABILIDADE	
2.1 Promover a inserción sociolaboral, o apoderamento económico e a autonomía das mulleres, especialmente das que se atopan en situación de vulnerabilidade.	
2.1.1	Ofrecer programas de orientación e acompañamento enfocados á inserción laboral das mulleres, en particular das que se atopan en situación de vulnerabilidade.
2.1.2	Continuar coa realización de accións formativas orientadas á procura de emprego, á capacitación profesional e á reciclaxe profesional.
2.1.3	Levar a cabo cursos de formación destinados a mellorar a empregabilidade (novas tecnoloxías, habilidades sociais etc.) orientados ás necesidades actuais do mercado laboral.



2.1.4	Recuperar a formación orientada á obtención das competencias clave para promover a inserción laboral e independencia económica das mulleres.
2.1.5	Difundir entre o tecido empresarial do concello información sobre os recursos e axudas existentes para a contratación feminina e a implantación de medidas de conciliación e flexibilidade horaria.
2.1.6	Promover e poñer en valor o autoemprego feminino a través da oferta e difusión de formación específica, recursos e axudas.
2.1.7	Promover a visibilización de mulleres emprendedoras da contorna para reforzar a súa presenza e mellorar a participación fumeina no mercado laboral.
2.2 Fortalecer os recursos de apoio á conciliación da vida laboral, persoal e familiar da poboación de Arbo.	
2.2.1	Ampliar a oferta de actividades, servizos e programas de conciliación para darlles resposta ás necesidades das familias arbenses.
2.2.2	Favorecer a participación de mulleres e homes nas accións formativas, actos, actividades culturais e deportivas etc. impulsadas desde o concello, a través da adaptación dos horarios e da oferta do servizo de canguraxe.
2.2.3	Dar continuidade aos servizos municipais que favorecen a conciliación como o PAI (Punto de atención á infancia), os campamentos de verán, semana santa, nadal etc.
ÁREA III: EMPODERAMENTO E PARTICIPACIÓN IGUALITARIA	
3.1 Contribuír ao apoderamento individual e colectivo das mulleres, atendendo a súa diversidade.	
3.1.1	Continuar coa conmemoracións do 8M e promover encontros anuais das mulleres do concello de Arbo como estratexia de apoderamento (nesta ou noutras datas sinaladas).
3.1.2	Reforzar a realización de diversas actividades para mulleres, dirixidas a fomentar a autoestima, o crecemento persoal, o apoderamento e o autocoidado.
3.1.3	Deseñar accións que potencien as habilidades sociais e as redes de socialización das mulleres que se atopan en situación de vulnerabilidade. (mulleres maiores, mulleres rurais, inmigrantes, monomarentais etc.)
3.1.4	Colaborar con entidades que traballan especificamente con colectivos de mulleres con diversidade funcional.
3.1.5	Impulsar a creación, consolidación e financiación das asociacións da contorna, especialmente das asociacións de mulleres rurais.
3.1.6	Involucrar ás asociacións da contorna, especialmente das asociacións de mulleres, nos órganos de consulta e participación cidadá.
3.2 Fomentar a presenza e participación activa das mulleres nos distintos ámbitos e poñer en valor o seu talento.	



3.2.1	Consolidar e ampliar a oferta de actividades artísticas, culturais e de lecer (traballos manuais, baile, cociña, teatro etc.) con perspectiva de xénero e fomentar a participación de persoas de todas as idades.
3.2.2	Continuar coas accións de visibilización do papel das mulleres ao longo da historia e poñer en valor as súas contribucións en diferentes ámbitos (cultura, artes, ciencia, deporte etc.).
3.2.3	Reforzar a dotación da biblioteca con libros que aborden a promoción da igualdade e que visibilicen ás mulleres escritoras.
3.2.4	Garantir a diversificación da oferta cultural e a oferta de accións e actividades que visibilicen a mulleres artistas e directoras e outras que aborden de maneira específica e/ou transversal a promoción de valores igualitarios.
ÁREA IV: EDUCACIÓN EN IGUALDADE	
4.1 Continuar co labor de concienciación da cidadanía en materia de igualdade e de fomento da corresponsabilidade	
4.1.1	Organizar actividades dirixidas á infancia, á xuventude e á poboación adulta para potenciar a corresponsabilidade no fogar e no coidado das persoas.
4.1.2	Impulsar a programación de actividades diversas con motivo da conmemoración das principais datas de recoñecemento e de reivindicación dos dereitos das nenas e das mulleres.
4.1.3	Reforzar a formación específica en materia de igualdade para todo o monitorado e profesorado das actividades deportivas e culturais ofertadas polo concello, para garantir a inclusión da perspectiva de xénero na programación e execución das actividades.
4.1.4	Continuar coa realización de actividades e accións que promoven a sensibilización e a interiorización dos valores en igualdade para toda a poboación a través da oferta de obradoiros, charlas e actos atractivos nos que favorecer a reflexión e participación.
4.1.5	Desenvolver accións de visibilización e sensibilización que fomenten o respecto e tolerancia ao colectivo LGTBIQ+ no espazo do concello no marco das principais datas asociadas a esta comunidade, como o 28 de xuño.
4.1.6	Promover accións formativas nas que promover a corresponsabilidade, garantindo a participación equilibrada de mulleres e homes .
4.2 Promover a coeducación e os modelos de relación en igualdade entre a comunidade educativa.	
4.2.1	Desenvolver programas específicos e actividades da educación afectivo sexual en todas as etapas educativas e para as familias.
4.2.2	Organizar actividades de ocio infantil e xuvenil (películas, obras de teatro, contacontos...) libres de estereotipos de xénero e de mensaxes estereotipadas.
4.2.3	Reforzar a coeducación e a perspectiva de xénero dos programas municipais de lecer e deporte infantil como as escolas deportivas, os campamentos etc.



4.2.4	Colaborar coa ANPA para a realización de actividades que involucren a toda a comunidade educativa e que fomenten actitudes igualitarias.
4.2.5	Involucrar ao alumnado na promoción da igualdade coa súa participación en actividades e obradoiros específicos e a súa implicación activa nas accións conmemorativas dos días 25 de novembro e 8 de marzo.
ÁREA V: CALIDADE DE VIDA E SAÚDE INTEGRAL	
5.1 Poñer en marcha e reforzar accións que atendan ás necesidades das mulleres e á súa diversidade	
5.1.1	Promover unha programación anual de actividades baseadas no autocoidado físico e emocional das mulleres (autoconhecimento, autoestima, creación de redes, habilidades sociais, asertividades etc.).
5.1.2	Organizar sesións formativas e informativas sobre temas relacionados coa saúde das mulleres (saúde mental, endometriose, fibromialxia, cancro de mama etc.) centrado na detección e prevención destas problemáticas.
5.1.3	Continuar coa colaboración con entidades que atenden especificamente ás necesidades das persoas con diversidade funcional co obxectivo de reducir o estigma e de garantir unha atención integral de calidade.
5.2 Promover hábitos de vida saudables adaptadas ás necesidades de toda a poboación para mellorar a súa calidade de vida.	
5.2.1	Ampliar e reforzar a programación de actividades orientadas á terceira idade, para promover un envellecemento activo e saudable (estimulación cognitiva, práctica deportiva, redes de socialización etc.).
5.2.2	Reforzar programas sobre hábitos de vida saudable orientados á toda a poboación a través de accións formativas presenciais (sono, alimentación, xestión de estrés etc.) e tamén da difusión de información clave nas canles de comunicación do concello (páxina web, <i>facebook</i> etc.)
5.2.3	Fomentar e consolidar a creación de grupos de mulleres orientados ao fomento do autocoidados e do benestar.
5.2.4	Ofertar formación específica para as persoas coidadoras co obxectivo de crear redes de apoio, mellorar os coñecementos e tamén favorecer o autocoidado.
ÁREA VI: ABORDAXE INTEGRAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO	
6.1 Impulsar a información, a sensibilización e a prevención da violencia de xénero.	
6.1.1	Afianzar o 25N como data central de realización de accións de concienciación sobre as violencias machistas a través da implicación na súa celebración doutros departamentos, axentes sociais e a cidadanía con accións que teñan continuidade no tempo (murais, pintado de mobiliario público etc) e que se estenda a todo o ano.



6.1.2	Consolidar a programación anual de actividades destinadas á poboación escolar adaptadas a cada nivel educativo (obradoiros, charlas, e/ou actividades) para afondar nas distintas formas de violencia, especialmente naquelas con especial incidencia nestes grupos, como as violencias sutís ou non visibles e as violencias dixitais.
6.1.3	Deseñar un plan de actuación e de prevención das violencias machistas (especialmente agresións sexuais) nas festividades e celebracións municipais ao tempo que se informa sobre os recursos específicos para as posibles vítimas de calquera forma de violencia machista.
6.1.4	Poñer en marcha accións de sensibilización e concienciación contra a violencia machista dirixida á cidadanía en xeral a través de obras teatrais, obradoiros, actos ou encontros.
6.1.5	Crear un apartado na páxina web municipal onde se inclúan os principais recursos dispoñibles destinados á atención da violencia de xénero (incluíndo a súa descrición, localización, horarios etc.).
6.1.6	Promover a difusión de recursos específicos destinados para a atención a violencia de xénero nos principais espazos do concello (mercado, centro de saúde, instalacións do concello, Centro ARABO etc.).
6.2 Asegurar a atención integral ás vítimas de violencia de xénero a través da coordinación municipal e da optimización dos recursos existentes.	
6.2.1	Reforzar a formación específica do persoal implicado na abordaxe integral da violencia de xénero.
6.2.2	Continuar coa actividade da Mesa Local de Coordinación Interinstitucional contra a Violencia de Xénero, especialmente coa coordinación e homoxeneización da intervención dos diferentes axentes implicados e a difusión dos acordos que nela se tomen.
6.2.3	Facilitar o acceso aos recursos específicos dispoñibles para a atención en materia de violencia de xénero e realizar un seguimento dos casos.
6.2.4	Incluír a valoración da condición de vítima de violencia de xénero nos baremos de convocatorias de acceso aos recursos municipais (educación, conciliación, etc.) e nos procesos de selección.
6.2.5	Continuar priorizando os expedientes vinculados a casos de violencia de xénero para garantir unha atención rápida, efectiva e eficaz das posibles vítimas de violencia machista.

